



CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA
Memoria de actividades. Curso 2008/09



Consello Escolar de Galicia

Presidente:

Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

Asesor técnico:

Xosé Anxo Seoane Cao

Persoal de administración e servizos:

M^a Dolores Gómez Gómez

Francisca Iglesias Ferrer

Comisión permanente

Presidenta:

Fernando del Pozo Andrés (vicepresidente do Consello Escolar de Galicia)

Conselleiros:

José Raúl Gómez Farto (profesorado)

José Antonio Moar Armas (presidente da Comisión de Programación, Construción e Equipamento)

Daniel Barata Quintas (presidente da Comisión de Ordenación do Sistema Educativo)

Virgilio Gantes Gómez (nais/pais)

Juan García Fuentes (Administración local)

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

EDITA:

Consello Escolar de Galicia

Rúa San Roque, 2

15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 581 466 - Fax: 981 581 598

Correo electrónico: conselloescolar@edu.xunta.es

© **Fotografías iniciais de cada capítulo:**


Martiño Picallo

D.Legal: C 320-2010

Deseño, maquetación e impresión

Grafisant, S.L. (Santiago de Compostela)





Índice

1. LIMIAR	7
2. COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA.....	9
3. ACTIVIDADE DO PLENO E DAS COMISIÓNS.....	15
3.1. Reunións do pleno.....	15
3.2. Reunións da comisión permanente.....	29
3.3. Ditames emitidos polo Consello Escolar de Galicia.....	37
4. INFORME: OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO OBRIGATORIO DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.....	51
5. ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA.....	55
5.1. Acto de presentación da memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia relativa ao curso 2007/08.....	55
5.2. Xornada: A participación cidadá na educación: os consellos escolares municipais.....	56
5.3. Informe: Elección dos representantes da comunidade educativa nos consellos escolares de centros docentes. Outubro/novembro 2008.....	59
5.4. Proxecto: Dinamización dos consellos escolares municipais.....	65
5.5. Xunta de participación: Consellos Escolar do Estado.....	70
6. PARTICIPACIÓN EN ACTOS, CONGRESOS, REUNIÓN.....	75
6.1. XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado: A educación ao longo da vida.....	77
7. RESUMO ECONÓMICO.....	87

01

Fotografía:
Martíño Picallo



Limiar

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta memoria do curso escolar 2008/2009 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en pleno, comisión Permanente e outras comisións constituídas, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais, na presentación de propostas e na organización de actividades abertas á comunidade educativa en xeral.

02

Fotografía de fondo:
Martíño Picallo



Composición do Consello Escolar de Galicia

Segundo o artigo 4 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia*, O Consello Escolar de Galicia estará integrado por:



Tal e como sinala o punto 2 do artigo 4 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro*, o Consello está presidido polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen delegou as súas funcións no vicepresidente elixido, tras a súa proposta, polo pleno do Consello Escolar de Galicia o 18 de xuño de 2009.

A pesar de seren requiridas as confederacións de alumnos para o nomeamento dos tres representantes que lles corresponden no Consello, segundo o apartado c) do artigo 4 da dita *Lei 3/1986*, soamente FAXEG nomeou o seu. Por esta razón o número total de membros do Consello Escolar é de 48 e non 50, tendo en conta tamén que o presidente deste organismo é o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. Ademais, o Consello está asistido por un secretario, con voz, pero sen voto.

■ Consello Escolar de Galicia

■ a 30 de xuño de 2009:

■ Presidente:

Xesús Vázquez Abad
(conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria)

■ Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés
(Administración educativa)

■ Profesoras e profesores de ensinanza pública:

Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)
Odilo Barreiro Martínez (CIG)
Consuelo Campos Acedo (CIG)
José Raúl Gómez Farto (FETE - UGT)
Víctor Manuel Rodríguez Gesto (CC. OO.)

■ Profesoras e profesores de ensinanza privada:

Xosé Marcial Comesaña Figueiras (CC. OO.)
Armino Francisco Mera (FSIE - GALICIA)
Gerardo Morano Díaz (FETE - UGT)

■ Nais e pais de alumnos:

Virgilio Gantes Gómez (CONFAPA)
M^a Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)
Marta Lázara Fontao (CONFAPA)
Xelasio Suárez Santiso (CONGAPA)
Sara Inés Vega Núñez (CONFAPA)

■ Alumnas:

Azucena Rodríguez Amoroso (FAXEG)

■ Persoal de administración e servizos:

Elvira Patiño Ogea (CIG)
Ángeles Villarnovo Cova (UGT)

■ Titulares de centros privados:

Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros Educación e Xestión)

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensinanza Privada)

■ Centrais sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CC. OO.)
Mariano García González (UGT)
Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)

■ Asociacións empresariais:

José Manuel Álvarez Fernández (Confederación de Empresarios de Galicia)
José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)

■ Profesoras e profesores propostos polos MRP:

Mercedes Espiño Amil (Coordinadora Galega de MRP)
José Luis Fernández Díaz (Federación Galega de MRP)
Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRP)

■ Administración educativa:

Manuel Corredoira López
Anxo Manuel Lorenzo Suárez
José Luis Mira Lema
José Manuel Pinal Rodríguez
Fernando del Pozo Andrés
José Luis Vázquez Fernández

■ Administración local:

María Socorro Cea Vázquez
Juan José Díaz Valiño
José Manuel Domínguez Freitas
Camilo Forján Seoane
Juan García Fuentes
Ana María Garrido Rodríguez
Manuel Taboada Vigo
Francisco A. Veiga Romero

■ **Universidade:**

Agustín Requejo Osorio
Miguel Anxo Santos Rego

■ **Personalidades de recoñecido prestixio:**

Genara Borrajo Borrajo
María Lourdes Montero Mesa

■ **Seminario de Estudos Galegos:**

Antón Costa Rico

■ **Consello da Xuventude de Galicia:**

María Dolores Rodríguez Amoroso

■ **Secretario:**

José Alejo Losada Aldrey

■ **Asesor técnico:**

Xosé Anxo Seoane Cao

■ **Persoal de administración e servizos:**

M^a Dolores Gómez Gómez
Francisca Iglesias Ferrer

Segundo establece o artigo 6 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia*, o mandato dos membros do Consello Escolar será de catro anos e serán renovados por metades cada dous anos en cada un dos grupos. Cumprindo a lexislación, neste período que abrangue dende xullo do 2008 ata xullo do 2009, producíronse os seguintes cambios no seo do Consello Escolar de Galicia:

- **Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)** por Manuel Nicolás Vázquez Varela (ANPE GALICIA), en calidade de representante do profesorado da ensinanza pública.
- **Gerardo Morano Díaz (FETE-UGT)** por Obdulia Manso Cupeiro (FETE-UGT), en calidade de representante do profesorado da ensinanza privada.

- **Elvira Patiño Ogea (CIG)** por Concepción Alvariño Alejandro (CC OO), en calidade de representante de persoal de administración e servizos.

- **Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros Educación e Xestión)** por José Luis Baños González (Federación de Centros Educación e Xestión), en calidade de representante de titulares de centros privados.

- **José Manuel Álvarez Fernández (Confederación de Empresarios de Galicia)** por Basilio Toyos Alonso (Confederación de Empresarios de Galicia), en calidade de representante das administracións empresariais.

- **Manuel Corredoira López, Anxo Manuel Lorenzo Suárez, José Luis Mira Lema, José Manuel Pinal Rodríguez, Fernando del Pozo Andrés, José Luis Vázquez Fernández**, por Milagros Blanco Pardo, Benito Fernández Rodríguez, Alfonso Guitián Álvarez, José Manuel Mouriz Cabalo, María José Pérez Mariño e Antonio Vázquez Vázquez, en calidade de representantes da Administración educativa.

- **María Socorro Cea Vázquez, Juan José Díaz Valiño, José Manuel Domínguez Freitas, Camilo Forján Seoane, Juan García Fuentes, Ana María Garrido Rodríguez, Manuel Taboada Vigo e Francisco A. Veiga Romero** por María Josefa Cebreiro Santos, Evencio Ferrero Rodríguez, Carlos López Crespo, María Concepción Méndez Gándara, Antonio Montero Fernández, Xaime Rei Barreiro, Julio Sayáns Bugallo e Xosé Manuel Vilariño Anca, en calidade de representantes da Administración local.

- **Genara Borrajo Borrajo**, por Luis Otero Outes, en calidade de personalidade de recoñecido prestixio.

Fernando del Pozo Andrés, representante da Administración educativa, foi elixido Vicepresidente do Consello Escolar de Galicia na sesión plenaria do 18 de xuño de 2009.

Por outra banda, **Juan García Fuentes** incorporouse á Comisión Permanente como representante da Administración local. **Xosé Francisco Martínez Reboiras** incorporouse ás comisións de Ordenación do Sistema Educativo e de Programación, Construción e Equipamento como representante dos titulares de centros privados.

Comisión Permanente

■ Presidente:

Fernando del Pozo Andrés (vicepresidente do Consello Escolar de Galicia)

■ Conselleiros:

José Raúl Gómez Farto (representante do profesorado)

José Antonio Moar Armas (presidente da Comisión de Programación, Construción e Equipamento)

Xosé Ramos Rodríguez (presidente da Comisión de Ordenación do Sistema Educativo)

Virgilio Gantes Gómez (representante de nais e pais)

Juan García Fuentes (representante da Administración local)

■ Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

Comisión de Ordenación do Sistema

Educativo:

Xosé Ramos Rodríguez (presidente)

Xosé Francisco Martínez Reboiras (representante centros privados)

José Luis Fernández Díaz (representante MRP)

Marta Lázara Fontao (representante de nais e pais)

Agustín Requejo Osorio (representante da universidade)

Víctor Manuel Rodríguez Gesto (representante do profesorado)

Comisión de Programación, Construción

e Equipamento:

José Antonio Moar Armas (presidente)

Xosé Francisco Martínez Reboiras (representante centros privados)


Consuelo Campos Acedo (representante do profesorado)

Armindo Francisco Mera (representante do profesorado)

Sara Inés Vega Núñez (representante de nais e pais)



Fotografía 1:
Claustro do antigo hospital de San Roque, sede do Consello Escolar de Galicia. Santiago de Compostela.



03

Fotografía:
Martíño Picallo



Actividades do Pleno e das Comisións

3.1. REUNIÓNS DO PLENO

O Consello Escolar de Galicia, tal e como dispón o artigo 8 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia* reunírase, como mínimo, tres veces ao ano e sempre que o solicite a terceira parte dos seus membros.

Ao longo do período que abrangue a presente memoria de actividades, curso 2008/09, o pleno reuniuse nas seguintes datas:


1. 17 de decembro de 2008.
2. 27 de xaneiro de 2009.
3. 18 de xuño de 2009.

Foron en total tres sesións plenarias cunha duración total de sete horas para sacar adiante 2 ditames sobre 2 proxectos de decreto, con 132 emendas debatidas para achegarlle á Administración educativa 20 suxestións e recomendacións recollidas nos dous ditames emitidos.

Ademais, no pleno desenvolvido o día 18 de xuño, o presidente do Consello Escolar de Galicia, o actual conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, delegou todas as súas funcións no vicepresidente por el proposto e elixido polo pleno, Fernando del Pozo Andrés, representante da Administración educativa no Consello Escolar.

Os dous ditames incluían os seguintes proxectos de decreto:

- Ditame 1:
 - *Proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Ditame 2:
 - *Proxecto de decreto polo que se crea o Centro de Innovación na Formación Profesional de Galicia, INDAGA.*






Gráfico 2: Porcentaxe de asistencia aos plenos por sectores. Curso 2008/2009.






Gráfico 3: Porcentaxe de asistencia a plenos do sector do profesorado da ensinanza pública. Curso 2008/2009.






Gráfico 6: Porcentaxe de asistencia a plenos do sector persoal de administración e servizos. Curso 2008/2009.





Gráfico 7: Porcentaxe de asistencia a plenos dos representantes das centrais sindicais. Curso 2008/2009.



Fotografía 2:
Pleno do Consello Escolar de
Galicia. 18/06/2009

1 PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA			
DATA	17 de decembro de 2008	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	17:00 – 20:00	ASISTENTES	27 de 47 (57,4 %)
ORDE DO DÍA			
<ol style="list-style-type: none"> Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. Informe da presidencia. Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia. Rogos e preguntas. 			
TEMAS TRATADOS			
<ol style="list-style-type: none"> Non hai ningunha observación polo que se aproba a acta da sesión anterior por unanimidade. A presidencia informa das publicacións e documentación que se lles entrega aos conselleiros: <ul style="list-style-type: none"> – Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2007/08. Entrégaselles en libro e en CD. – Informe sobre a situación e estado do sistema educativo elaborado polo Consello Escolar do Estado. Por vez primeira e, tras proposta de Anxo Louzao, o dito informe publicouse en todas as linguas oficiais do Estado. A tradución para o galego foi elaborada no propio Consello Escolar de Galicia. – Revista EDUGA. Este número está dedicado ás ensinanzas de réxime especial. Na biblioteca do Consello contamos con todos os números. Recórdaselles aos conselleiros que o número anterior de EDUGA está dedicado precisamente ao tema que estamos a debater: atención á diversidade. – Participando, boletín informativo do Consello Escolar de Galicia que dá conta das actividades que se están a desenvolver. Neste número hai tamén un artigo moi interesante sobre a escola inclusiva. – Unha memoria USB na que se recolle toda a lexislación de referencia para as eleccións dos representantes da comunidade educativa nos consellos escolares de centros docentes <p>Ademais entrégaselles unha insignia do Consello Escolar de Galicia e unha tarxeta de felicitación do Nadal. A ilustración empregada para a tarxeta reproduce unha fermosa vista da Ría de Betanzos (A Coruña). Optamos por este motivo para promocionarmos as excelencias paisaxísticas de Galicia, xa que a tarxeta achegámosllela a todos os consellos escolares autonómicos e o do estado.</p> <p>Por outra banda, dáse conta das actividades organizadas e desenvolvidas polo Consello Escolar nestas últimas semanas. Destácanse</p> <ul style="list-style-type: none"> – Acto de presentación da Memoria de actividades correspondente ao curso 2007/08 que se desenvolveu na sede da Federación de ANPA de Centros Públicos da Coruña. Contou coa presenza da Sra. conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón; do Sr. alcalde do Concello da Coruña, Javier Losada Azpiazu e da Sra. vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia, Milagros Blanco Pardo. – Xornadas realizadas en 16 localidades galegas para dinamizar a participación dos distintos sectores da comunidade educativa no proceso de elección dos seus representantes nos consellos escolares de centros educativos. – Xornada organizada en colaboración coa FEGAMP sobre a participación cidadá na educación: os consellos escolares municipais. Desenvolveuse o 31 de outubro na EGAP. Foi unha xornada moi valorada polos asistentes, representantes de varios consellos escolares autonómicos e preto de 50 concellos de Galicia. Estas xornadas teñen continuidade no Consello Escolar de Galicia xa que estamos a asesorar a máis dunha ducia de concellos para a constitución ou dinamización do consello escolar municipal. – XIX Encontros de consellos escolares autonómicos e do estado. Versan sobre a educación ao longo da vida. 			

Comunicáselles tamén aos conselleiros que na data de hoxe se recibiu no Consello o Proxecto de decreto de creación do Centro de Innovación na Formación Profesional de Galicia, INDAGA. Explicase o calendario do proceso que se vai seguir para emitir o correspondente ditame.

3. A Sra. vicepresidenta do Consello, antes de iniciar o debate das emendas presentadas ao Ditame provisorio elaborado sobre o proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, felicita á Administración educativa pola oportunidade da elaboración do presente decreto, de suma importancia para a comunidade educativa.

A Comisión Permanente, tendo en conta as 76 emendas e suxestións presentadas polos conselleiros, elaborou un ditame provisorio que recollía 33 emendas aceptadas (43,4 %, algunhas emendas de distintos sectores, coincidentes) en 15 puntos.

Posteriormente, os representantes da Administración educativa presentaron 11 emendas ao Ditame Provisorio e tres organizacións 35 emendas de inclusión ao ditame.

Aceptáronse 9 emendas e elaborouse o Ditame definitivo que conta con 13 puntos.

A votación do ditame ofreceu o seguinte resultado: 9 votos a favor, 3 votos en contra e 9 abstencións.

4. En rogos e preguntas, o Sr. Comesaña (profesorado privada, CC. OO.) manifesta que non é procedente presentar un Proxecto de decreto tan importante ao final da lexislatura. Deberíase tratar sen tantas présas e polo novo goberno que saia das próximas eleccións. Por outra banda, a problemática do fracaso escolar e as medidas que se van poñer en marcha deberían estar recollidas neste decreto.

O Sr. Vázquez (Administración educativa) contéstalle argumentando que teñen a responsabilidade de esgotar a lexislatura e non presentalo significaría paralizar unha serie de ordes xa en marcha.

O Sr. Martínez Reboiras (Educación e Xestión) roga que dende o Consello Escolar de Galicia se lle faga chegar á Administración educativa a seguinte pregunta: ¿Cando pensan sacar o Decreto de currículo da educación infantil, que xa foi ditaminado?

Neste mesmo sentido, o Sr. Louzao (CIG) sinala que este decreto leva máis dun ano parado dende que no Consello se ditaminou e que é unha anomalía o que está a acontecer. Roga que se publique canto antes.

O Sr. Gómez Farto (profesorado pública, FETE-UGT) roga que se lle transmita á Administración educativa a preocupación do profesorado pola ausencia da promulgación do Decreto de educación infantil.

2 PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA			
DATA	27 de xaneiro de 2009	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	17:00 – 19:00	ASISTENTES	32 de 47 (68 %)
ORDE DO DÍA			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2. Informe da presidencia. 3. Ditame sobre o <i>Proxecto de decreto polo que se crea o Centro de Innovación na Formación Profesional de Galicia, INDAGA</i>. 4. Rogos e preguntas. 			
TEMAS TRATADOS			
<p>A Sra. vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia, antes de iniciar a sesión, dálles a benvinda aos novos conselleiros que se incorporan no día de hoxe con motivo da última renovación por metades que se produciu. Quere ademais resaltar, así o fixo por carta persoal, o labor desenvolvido polos conselleiros cesantes.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Hai unha observación do Sr. Louzao que se incorpora á acta. Logo, apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade. 2. Milagros Blanco Pardo, vicepresidenta do Consello informa da situación actual na que se atopa o informe que o ICE da Universidade de Santiago de Compostela está a elaborar sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares. Por petición expresa da Comisión Permanente do Consello Escolar estanse a facer cambios na estrutura do informe que sen dúbida facilitarán a súa comprensión e a posibilidade de tirar conclusións e propostas de mellora. Estamos pendentes de recibir o Informe, xa coa nova estrutura. <p>Tamén informa, en calidade de membro da Comisión Permanente do Observatorio Galego da Convivencia Escolar, da reunión que se mantivo. Na primeira parte desa reunión, a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, en calidade de presidenta do dito órgano, informou dos cambios producidos nos departamentos de orientación específicos. Nestes momentos hai seis en marcha, dous máis que os existentes. Tamén comentou que se ampliou o número de departamentos de orientación, pasando de 303 a 459; todos os centros de máis de 11 unidades teñen orientador propio. Fixéronse 160 actividades de formación do profesorado e hai moitos centros que teñen plans innovadores de convivencia escolar. Entregouse o primeiro premio sobre a convivencia ao CEP San Xohán de Filgueira, de Ferrol. Anteriormente o premio nacional recaera no IES As Telleiras, de Narón e tamén o recibiu o IES Carlos Casares de Viana do Bolo. Na segunda parte desa reunión interveu a Sra. Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Presentou un informe de seguimento sobre o Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia. Proximamente porase no Portal educativo. Nel recóllense polo miúdo as accións realizadas pola Consellería. Este informe foi moi ben valorado por todos os membros do Observatorio. Debemos felicitar aos elaboradores porque é un bo documento. Na dita reunión quedou pendente de aprobar o regulamento de réxime interno do Observatorio.</p> <p>Informa tamén sobre os XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. Na preparación destes encontros hai que elaborar tres documentos. O primeiro documento refírese ao marco teórico da educación continua ao longo da vida. Dende o Consello, achegáronse 8 emendas, das que quedan 2 vivas. O día 4 e 5 de febreiro hai unha reunión de presidentes de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado para debater estas emendas. Un segundo documento recollerá nun pequeno informe a situación da educación continua na Comunidade Autónoma de Galicia e no resto de comunidades. Dámoslle as grazas ao Servizo de Educación de Adultos da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais que se encargou da súa elaboración. Farémolles chegar mañá a todos vostedes, por correo electrónico, dando un prazo para quen queira, que nos faga chegar as observacións que estimen</p>			

pertinentes. Dados os prazos nos que nos solicitaron os referidos documentos non puido reunirse a Comisión de Ordenación do Sistema Educativo.

3. A Comisión Permanente elaborou un Ditame provisorio sobre o Proxecto de decreto de creación do INDAGA tendo en conta as 28 emendas e suxestión presentadas polos conselleiros. O Ditame provisorio elaborado contaba con 16 puntos, elaborados a partir de 15 emendas e suxestións aceptadas (53, 5 %).

Posteriormente, presentáronse un total de 17 emendas ao Ditame provisorio e 6 emendas de inclusión para debater no Pleno do Consello. É dicir, un total de 23 emendas.

Acéptanse un total de 16 emendas (varias coincidentes) e elabórase o Ditame definitivo que conta con 7 puntos.

A votación do Ditame ofreceu o seguinte resultado: 12 votos a favor, 3 votos en contra e 12 abstencións.

3 PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA			
DATA	18 de xuño de 2009	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	18:00 – 19:00	ASISTENTES	36 de 47 (76,6 %)
ORDE DO DÍA			
1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.			
2. Presentación dos novos membros do Consello Escolar.			
3. Proposta de nomeamento da Vicepresidencia do Consello Escolar de Galicia.			
4. Rogos e preguntas.			
TEMAS TRATADOS			
O Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en calidade de Presidente do Consello Escolar de Galicia, toma a palabra para saudar e dar a benvida aos membros do dito Consello. Comenta que espera moito nesta nova etapa do Consello Escolar, pide que haxa participación de todos os membros e resalta o papel importante que debe ter o Consello nesta nova andadura.			
1. Non hai ningunha observación polo que se aproba a acta da sesión anterior por unanimidade.			
2. O Sr. Presidente do Consello Escolar toma novamente a palabra para agradecer o traballo realizado por todas as persoas que prestaron servizos no Consello Escolar de Galicia e, seguidamente pasa a citar os novos membros acabados de nomear:			
No Decreto 39/2009, do 12 de febreiro (DOG do 4 de marzo), cesaron D. Manuel Nicolás Vázquez Varela, representante do profesorado da ensinanza pública proposto por ANPE e D ^a . Obdulia Manso Cupeiro, representante do profesorado da ensinanza privada proposto por FETE-UGT. No seu lugar son nomeados D. Manuel Astariz Castro e D. Gerardo Morano Díaz, respectivamente.			
No Decreto 314/2009, do 28 de maio (DOG do 5 de xuño), cesaron os representantes da Administración educativa D. Antonio Vázquez Vázquez, D ^a . María José Pérez Mariño, D. Benito Fernández Rodríguez, D. Alfonso Guitián Álvarez, Da. Milagros Blanco e D. José Manuel Mouriz Cabalo. No seu lugar noméanse D. José Luis Mira Lema, D. José Manuel Pinal Rodríguez, D. José Luis Vázquez Fernández, D. Anxo Manuel Lorenzo Suárez, D. Manuel Corredoira López e D. Fernando del Pozo Andrés.			

3. O Sr. Presidente do Consello Escolar, de acordo co disposto co punto 3 do artigo terceiro do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e Municipais, o vicepresidente elixirase de entre os membros do Consello, por maioría simple de votos, e a proposta da presidencia. De acordo co exposto, o Sr. pPresidente prop3n a D. Fernando del Pozo Andr3s, representante da Administraci3n educativa, como Vicepresidente do Consello Escolar de Galicia.

Como 3 perceptivo proc3dese a votar a proposta de nomeamento da vicepresidencia que resultou como segue:

Votos a favor	15
Votos en contra.....	3
Abstenci3ns	16

Apr3base, polo tanto, a proposta de nomeamento de Fernando del Pozo Andr3s como Vicepresidente do Consello Escolar de Galicia. O nomeamento, tal e como est3 previsto, publicarase no Diario Oficial de Galicia. Del3ganse na Vicepresidencia as funci3ns recollidas na Orde do 9 de xaneiro de 2006, publicada no DOG do d3a 27.

4. O Sr. Louzao, representante da CIG, inicia a s3a intervenci3n dando lectura dun rogo asinado por 13 conselleiros deste Consello e indica que alg3n m3is que poida asinar agora. O rogo, que se transcribe literalmente, 3 o seguinte :

"Os membros do Consello Escolar de Galiza abaixo asinantes, ante a consulta nos centros educativos en relaci3n co uso do galego, queren manifestar o seguinte:

- 1.- *Esta 3 unha consulta, dese3ada 3 marxe da comunidade educativa, carente de rigor na metodolox3a de distribuci3n e no procesamento de datos e sen garant3as para a intimidade das persoas e a protecci3n de datos de car3cter persoal.*
- 2.- *O Plan Xeral de Normalizaci3n da Lingua Galega, aprobado por unanimidade de todas as forzas pol3ticas con representaci3n no Parlamento Galego en 2004 (PP, PSOE e BNG), 3 un punto de encontro na definici3n dos obxectivos para o 3mbito educativo. O Decreto 124/2007, de 28 de xu3o, recolle este acordo do Parlamento Galego d3ndolle car3cter normativo e a s3a legalidade foi avalada por varias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Esta norma pretende garantir unha competencia similar en galego e en castel3n.*
- 3.- *O obxectivo de que ao remate do ensino obrigatorio os nenos e as nenas sexan plenamente competentes nas d3as linguas oficiais non pode conseguirse con menos do 50% das materias impartidas en galego. Coa enquisa que se env3a ao centros o mantemento desta porcentaxe s3 se garantir3a marcando a resposta "en galego" ou "todo en galego", pois esta opci3n non fai referencia 3 totalidade do ensino, sen3n soamente 3s materias que haber3a que impartir hoxe en galego -o 50%-, xa que a enquisa non recolle a opci3n de que todas as materias ag3s as linguas, poidan ser impartidas en galego."*
- 4.- *Consideramos inacept3bel a actitude da Consellar3a de Educaci3n cos centros escolares ditando instruci3ns an3nimas que pretend3an conculcar a liberdade de opini3n, c3tedra e reuni3n e que impuxeron 3s direcci3ns dos centros responsabilidades que non lles corresponden, sobrecarg3ndoas de traballo nunha 3poca especialmente complexa."*

O Sr. Presidente indica que se recolle o rogo e que non entra en comentarios.

O Sr. Gantes, representante de CONFAPA, manifesta que a organización que representa rexeita a enquisa que se enviou dende a Consellería. Gustaríanos que o Consello Escolar de Galicia tivera unha reunión para ver os resultados desa enquisa previamente a que a Administración educativa dea os datos á opinión pública.

O Sr. Presidente manifesta que recolle a suxestión, pero lémbrale que o Goberno é quen goberna. A consulta que se está reclamando aos pais é voluntaria. Reitera que se está a cumprir a legalidade. Trátase dun proceso que se está facendo con limpeza e boa fe.

A Sra. Espiño, representante dos movementos de renovación pedagóxica, a respecto da enquisa sobre a lingua galega e o Decreto que regula a lingua galega no ensino que foi obxecto de ditame no Consello Escolar de Galicia preguntábase: ¿que valor teñen as decisións tomadas dentro deste Consello Escolar? ¿A que vimos aquí?

O Sr. Presidente responde que os órganos decisorios son os que son. Hai outros órganos que poden participar abertamente. O Consello Escolar é un órgano consultivo e non decisorio. Pensa que queda clara a resposta. Temos que confirmar que dende aquí se participa. A decisión da consulta cumpre a legalidade e non hai mala intención. A decisión correspóndelle ao Goberno.

A Sra. Espiño considera que con respecto ao Decreto da lingua galega no ensino están a poñer en dúbida a decisión aprobada neste Consello que representa á sociedade. Pregunta de novo, ¿que valor teñen as decisións tomadas neste Consello?

O Sr. Presidente intervén de novo e considera que no Consello Escolar non se debateu sobre as consultas. A quen lle compete tomar as decisións é á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Non podemos confundir á xente coa capacidade de decisión que ten este órgano consultivo e co que ten o Goberno.

O Sr. Costa, representante do Seminario de Estudos Galegos pasa a ler cinco rogos que reproducimos textualmente:

"Antón Costa Rico, en calidade de membro do Consello Escolar de Galicia en representación do Seminario de Estudos Galegos, e diante da oportunidade que nos da esta convocatoria ordinaria e plenaria desta instancia, primeira que se celebra logo da muda que se deu na Xunta de Galicia, desexa realizar varios rogos en relación coa política e o desenvolvemento educativo, que precisan de algunha exposición de motivos:

- 1. Tornando en consideración, por unha parte, o que indican explicitamente e con forza xurídica o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei de Normalización da Lingua Galega, como lingua propia de Galicia, e, por outra, diversos e acreditados estudos sociolingüísticos, que poñen de relevo sobre todo a perda de falantes e de uso do galego, como tamén a carencia de logro de competencias formativas propias dun bilingüismo equilibrado e a existencia dun bilingüismo substrativo na vez de aditivo, na fin dos estudos obrigatorios, a Xunta de Galicia, consciente así mesmo da existencia do Plan de Normalización da Lingua Galega aprobado en 2004 en sede parlamentaria, aprobou lexitimamente o Decreto 124/2007 sobre o uso e a promoción da 1 lingua galega no ensino. Sendo así rogo, como membro deste Consello, que se traslade a súa Presidencia e tamén a presidencia da Xunta de Galicia que se deixe de empregar o termo de "imposición", porque ten efectos sociais manipuladores e maleducadores no uso da linguaxe.*
- 2. Rogo que na actuación política que ao respecto da lingua galega quere emprender, polo que parece, o novo goberno do PP, non se esqueza de que hai unha lei de Normalización, porque se parte da existencia dunha lingua, o galego, tradicionalmente minorizada, ocasionando comportamentos sociolóxicos que aluden á falta de autoestima e á inseguridade lingüística. Rogo que non se esquezan de que se o galego é un extraordinario ben a protexer e cultivar hoxe, para poderlle transmitir aos nosos fillos en plenitude de disfrute, iso non poderá ser posible sen introducir medidas políticas eficaces que deben contemplar, e así o sabemos por experiencia internacional, prácticas razoables de discriminación positiva e de inmersión lingüística.*

3. *Rogo que se paralice o actual proceso de xestión dunha "consulta aos pais" polas seguintes razóns:*

Razóns técnicas: existen fundadas valoracións que aluden á imprecisión na formulación das preguntas, á confusión sobre o seu alcance, á limitación de posibilidades de resposta, á dubidosa fiabilidade, á ausencia do oportuno nivel de confianza estatística, e ao proceso de recollida irregular. Ademais, existen instrucións administrativas imprecisas, que poden resultar contraditorias, de onde se poderán desprender graves lagoas á hora de tabular correctamente os resultados, afectando, gravemente á súa validez.

Razóns sociolóxicas: empréndese unha consulta en circunstancias nas que impera algún palpable grao de animosidade social relacionada, entre outros extremos, co recente clima electoral, e que a fan entón inoportuna. Como parte dese clima hai que ver tamén a publicidade institucional da Xunta de Galicia inserida nos medios de comunicación dende o día de onte 17 de Xuño de 2009, que burdamente obedece aos criterios propagandísticos utilizados con perversión por parte da entidade Galicia Bilingüe: hai tamén perversidade na mensaxe visual desta propaganda institucional?

Razóns institucionais: se nunha consulta deste tipo entendemos que son varios e xuridicamente recoñecidos os axentes sociais intervinientes hai que lamentar que se descoñeza o protagonismo que lle debe corresponder ao Consello Escolar de Galicia, que ata aquí non se tomou en absoluto en consideración como sería oportuno, cando menos.

4. *Rogo, como membro deste Consello, que se traslade á súa presidencia que non se elimine o programa, creado pola anterior Xunta de Galicia, de axudas públicas para crear aulas de educación infantil en lingua galega.*
5. *Como membro deste Consello rogo que se traslade á Presidencia da Xunta de Galicia a petición dun uso correcto e conceptualmente adecuado da linguaxe para non dicir, segundo recolleron os medios de comunicación, que nas aulas de educación infantil "soamente se transmitan aprendizaxes e coñecemento", dito isto en referencia ás galescolas, e con mal uso de expresións e non adecuación aos termos xurídicos da lei orgánica estatal que ordena a educación infantil.*

O Sr. Álvarez, como representante da Confederación de Empresarios de Galicia, manifesta que lles parece ben a consulta aos pais. Consideran que é hixiénica. Non trata outros temas como pasou co comercio, que se querían impoñer. Consideramos que é unha opinión que hai que ter en conta.

O Sr. Fernández, representante dos movementos de renovación pedagóxica fai unha pregunta: O Sr. Presidente do Consello Escolar fala de participación e boa vontade, ¿vai manter as comisións que se manteñen actualmente no Consello? Tamén, ¿ao final deste ano farase unha memoria dos traballos que se fixeron no Consello?

Pregunta tamén se a Consellería de Educación vai seguir aceptando nun 70% as propostas emanadas dos ditames aprobados no Consello. Nós, pedimos que se acepten o 100 %.

O Sr. Presidente indica que hoxe se está a constituír o Consello, a partir de aquí definiremos as liñas mestras.

A Sra. García Fernández, representante de CONGAPA, di que os pais de centros privados supoñemos en porcentaxe o 40% do total. Pregunta, ¿por que se lle ten medo a que se lles pregunte aos pais? A eles parécelles lóxico que se lles pregunte. Este é un órgano consultivo, non entendo entón que facemos aquí. Dálle as grazas ao Sr. Conselleiro por contar cos pais.

O Sr. Gesto, representante de CC OO, manifesta que están fundamente preocupados de que non exista a gratuidade dos libros de texto. Preguntamos: ¿vai continuar o plan de gratuidade de libros de texto, ou van adoptar outro tipo de fórmula?

O Sr. Presidente contesta dicindo que non hai decisións tomadas neste intre. Existen dificultades económicas importantes. Vaise facer o máximo esforzo para aquelas persoas que o necesiten. *Se a preocupación de vostedes son os pais e alumnos máis necesitados, non se preocupen que eles son a nosa máxima preocupación. Estou seguro de que os sorprendemos gratamente coas medidas que adoptemos.*





Fotografía 3:
Xesús Vázquez, presidente do
Consello Escolar de Galicia e Ale-
jo Losada, secretario, no pleno
do 18 de xuño de 2009.

3.2. Reunións da Comisión Permanente.

A Comisión Permanente é a unidade básica de xestión dos asuntos do consello. Neste sentido correspóndelle a recepción e tramitación dos asuntos, preparando e facilitando as sesións do pleno, exercendo de instancia intermedia entre este e as outras comisións.

Ao longo deste período, a Comisión Permanente reuniuse nas seguintes datas:

1. 23 de setembro de 2008.
2. 2 de decembro de 2008.
3. 15 de decembro de 2008.
4. 19 de xaneiro de 2009.
5. 27 de xaneiro de 2009.
6. 15 de abril de 2009.
7. 15 de xullo de 2009.

7 sesións con máis de 14 horas de traballo para emitir dous ditames provisorios, preparar as sesións plenarias, planificar o papel a desenvolver polo Consello Escolar de Galicia na organización e desenvolvemento dos XIX encontros de consellos escolares autonómicos e do estado, determinar os contidos da memoria anual de actividades e programar toda a actividade do Consello ao longo deste período 2008/2009.



Fotografía 4:
Membros do Consello Escolar de Galicia. Pleno do 18/06/2009.

1 REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE			
DATA	23 de setembro de 2008	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	17:00 – 19:00	ASISTENTES	5 de 7 (71,4%)
ORDE DO DÍA			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2. Informe da presidencia. 3. Eleccións a consellos escolares de centro: campaña de dinamización. 4. XIX Encontros de consellos escolares autonómicos e do estado. 5. Rogos e preguntas. 			
TEMAS TRATADOS			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade. 2. A presidencia informa do seguinte: <p>O vindeiro 29 de setembro presentarase na sede de Confapa Galicia, na Coruña, a Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2007/2008. O acto estará presidido pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, o Alcalde do Concello da Coruña e a Vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia.</p> <p>O 31 de outubro, na EGAP, desenvolverase a xornada organizada en colaboración coa FEGAMP "A participación cidadá en educación: os consellos escolares municipais". O programa xa está pechado e foi aprobado pola FEGAMP.</p> <p>A Comisión Permanente do Observatorio Galego da Convivencia Escolar, da que forma parte a Vicepresidenta do Consello Escolar, ten prevista unha reunión o día 7 de outubro. Nesa reunión vaise traballar sobre o Regulamento de Réxime Interno.</p> 3. O Consello Escolar de Galicia deseñou unha campaña de dinamización da participación de todos os sectores da comunidade educativa nos procesos de eleccións dos seus representantes nos consellos escolares de centro. Desenvolveranse 16 xuntanzas en distintas localidades de Galicia. 4. Os días 16 e 17 de outubro desenvolverase en Madrid a primeira reunión de presidentes de consellos escolares autonómicos e do estado para organizar os XIX Encontros que versarán sobre a aprendizaxe permanente ao longo da vida. Considérase a posibilidade de constituír unha comisión de traballo para elaborar a documentación precisa. Pénsase que o Sr. Requejo podería presidila. Pénsase na oportunidade de organizar en Galicia unha xornada previa de formación sobre a educación de adultos. Por outra banda iníciase o traballo sobre o primeiro bocexo do documento de traballo 1 que constitúe o documento do marco teórico do tema a tratar nos encontros. Decídese enviarlles o documento a todos os membros do Consello Escolar para que fagan as achegas que consideren oportunas. 			

2 REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE			
DATA	2 de decembro de 2008	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	18:00 – 21:00	ASISTENTES	6 de 7 (85,7 %)
ORDE DO DÍA			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2. Informe da presidencia. 3. Ditame sobre o Proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia. 4. XIX Encontros de consellos escolares autonómicos e do estado. 5. Rogos e preguntas. 			
TEMAS TRATADOS			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade. 2. A presidencia informa dos resultados acadados nas xornadas de dinamización da participación da comunidade educativa no proceso de elección dos seus representantes nos consellos escolares de centro e dá as grazas a todos os membros da Comisión Permanente polo seu traballo e esforzo no desenvolvemento das 16 xuntanzas realizadas por toda Galicia. Lamenta que as xornadas non tivesen máis repercusión. 3. Recibíronse 76 emendas de sete organizacións representadas no Consello Escolar. Debatéronse e coas 33 emendas que se aceptaron, elaborouse o ditame provisorio (15 puntos) que será remitido a todos os conselleiros para que presenten todas as emendas ao ditame que consideren oportunas así como manteñan vivas para a súa inclusión no ditame definitivo aquelas que foron rexeitadas nun primeiro momento pola Comisión Permanente. 4. Temos de prazo ata o día quince de decembro para achegarlle ao comité organizador dos XIX Encontros, o Consello Escolar de Estremadura, as emendas e propostas referidas ao documento de traballo número 1: marco teórico da educación na sociedade do coñecemento: a educación continua. Elabórase un pequeno documento coas propostas do Consello que consisten basicamente en: 1. sinalar o excesivo carácter academicista do documento, bastante alongado da significación e carácter das institucións que o promoven. 2. precísase unha revisión do capítulo referido ás TIC para que teñan un mellor encaixe no documento. 3. Destácanse as ideas importantes que se deben subliñar. 4. Fanse suxestións e propostas concretas de mellora. 			

3 REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE			
DATA	15 de decembro de 2008	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	17:00 – 18:30	ASISTENTES	7 de 7 (100 %)
ORDE DO DÍA			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2. Informe da presidencia. 3. Emendas ao Ditame provisorio sobre o Proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia. 4. Elaboración das emendas ao documento número 1 dos XIX Encontros de consellos escolares autonómicos e do estado. 5. Rogos e preguntas. 			
TEMAS TRATADOS			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade. 2. A presidencia informa de que xa está elaborado o boletín informativo do Consello Escolar "Participando" do mes de decembro e que se corresponde co último trimestre do ano. Prégalle aos conselleiros que lle dean unha lectura por se teñen que facer algunha observación. Está previsto que o Boletín se espalle na sesión plenaria do día 17 de decembro. Informa da recepción no Consello Escolar dun documento sobre a atención á diversidade do profesor de psicoloxía da Universidade da Coruña, D. Manuel Baña Castro. Nese documento fai referencia a que o Proxecto de decreto que se está a informar é pouco integrador e inclusivo. Achégaselles copia a todos os membros da permanente ao considerar que os argumentos expostos son importantes e deberase reflexionar sobre eles para o debate en pleno. 3. Recibíronse 11 emendas ao Ditame provisorio do Proxecto de decreto de atención á diversidade, todas elas da Administración educativa. Tamén se estudan de novo as 35 emendas de inclusión ao Ditame provisorio que se manteñen vivas para o seu debate no pleno do día 17. 4. Tendo en conta o informe e estudo analizado na sesión da comisión permanente anterior sobre o documento 1 dos XIX Encontros de consellos escolares autonómicos e do estado, as emendas presentadas polo Sr. Secretario do Consello Escolar e do documento de traballo que nos achegou o Consello Escolar do Estado, elabóranse 12 emendas ao documento 1 que serán enviadas ao Consello Escolar de Extremadura para a súa consideración. 			

4 REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE			
DATA	19 de xaneiro de 2009	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	17:00 – 19:30	ASISTENTES	7 de 7 (100 %)
ORDE DO DÍA			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2. Informe da presidencia. 3. Emendas ao Proxecto de decreto polo que se crea o Centro de Innovación na Formación Profesional de Galicia, INDAGA. 4. Rogos e preguntas. 			

TEMAS TRATADOS

1. Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade.
2. A presidencia informa de que con motivo da renovación de membros do Consello Escolar enviáronse cartas de agradecemento aos conselleiros cesantes e a documentación pertinente aos novos membros.

A seguir, a Comisión Permanente analizou polo miúdo o texto, gráficos e nova estrutura proposta, introducindo cambios. O asesor técnico do Consello encargárase de introducir os cambios acordados e revisar o conxunto do informe para a súa posterior revisión en Comisión.

Con respecto aos XIX Encontros, encargóuselle ao Servizo de Xestión Económica e de Educación de Adultos da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a elaboración dun pequeno informe sobre a situación da educación continua en Galicia, documento que formará parte do documento número 2 xunto co resto de informes das distintas comunidades autónomas. O compromiso é ter elaborado o dito documento antes do día 27 de xaneiro, data na que a Comisión Permanente o estudará.

Decídese que por diferentes motivos non se reunirán as Comisións específicas de traballo para a elaboración dos documentos de traballo dos XIX Encontros e que será a propia Comisión Permanente a que se encargará de todos os traballos precisos para o desenvolvemento das tarefas que ao Consello Escolar de Galicia lle corresponden.

Infórmase tamén da reunión de traballo que o Sr. Ramos e o Sr. Seoane mantiveron cos responsables do ICE da Universidade de Santiago de Compostela en relación ao Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares que se está a elaborar. Solicitáronse cambios na estrutura do dito informe e tamén cambios puntuais nalgúns capítulos, sobre todo no referente ás conclusións e propostas de mellora. Tamén se lles comentou a posibilidade de que moitas das recomendacións de boas prácticas que aparecen no informe poderían converterse en propostas de mellora. Estamos pendentes das modificacións que se produzan para ter outra reunión de traballo conxunta

3. Recibíronse 28 emendas ao proxecto de decreto de creación do INDAGA. A Comisión Permanente logo do seu estudo e debate decidiu aceptar 15 emendas e con elas elaborar o Ditame provisorio (16 puntos) que achegará a todos os membros do pleno para que presenten as emendas ao Ditame provisorio que consideren oportunas así como manter para debate as que non se aceptaron inicialmente.

5 REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE			
DATA	27 de xaneiro de 2009	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	13:00 – 14:45	ASISTENTES	7 de 7 (100 %)
ORDE DO DÍA			
1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.			
2. Informe da presidencia.			
3. Emendas ao proxecto de decreto polo que se crea o Centro de Innovación na Formación Profesional de Galicia, INDAGA.			
4. Rogos e preguntas.			
TEMAS TRATADOS			
1. Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade.			
2. A presidencia dálle a benvida ao Sr. García Fuentes, alcalde de Negreira e representante da Administración local no Consello Escolar de Galicia, pola súa incorporación á Comisión Permanente.			
<p>Informa, en calidade de membro da Comisión Permanente do Observatorio Galego da Convivencia Escolar, da reunión que se mantivo. Na primeira parte desa reunión, a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, en calidade de presidenta do dito órgano, informou dos cambios producidos nos departamentos de orientación específicos. Nestes momentos hai seis en marcha, dous máis que os existentes. Tamén comentou que se ampliou o número de departamentos de</p>			

orientación, pasando de 303 a 459; todos os centros de máis de 11 unidades teñen orientador propio. Fixéronse 160 actividades de formación do profesorado e hai moitos centros que teñen plans innovadores de convivencia escolar. Entregouse o primeiro premio sobre a convivencia ao CEP San Xoán de Filgueira, de Ferrol. Anteriormente o premio nacional recaera no IES As Telleiras, de Narón e tamén o recibiu o IES Carlos Casares de Viana do Bolo. Na segunda parte desa reunión interveu a Sra. Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Presentou un informe de seguimento sobre o Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia. Proximamente porase no Portal educativo. Nel recóllense polo miúdo as accións realizadas pola Consellería. Este informe foi moi ben valorado por todos os membros do Observatorio. Debemos felicitar aos elaboradores porque é un bo documento. Na dita reunión quedou pendente de aprobar o regulamento de réxime interno do Observatorio.

Informa tamén sobre os XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. Recibiuse xa o documento elaborado polo Servizo de Educación de Adultos da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais sobre a situación da educación de adultos en Galicia. Dáse un prazo ata o día 2 de febreiro para que os membros da permanente acheguen as observacións que estimen convenientes. Tamén se lles pasará a todos os membros do Consello Escolar de Galicia, dándolles un prazo de 15 días, para que fagan as consideracións que estimen pertinentes. Acórdase tamén achegarlle un escrito ao Servizo de Educación de Adultos agradecéndolle a súa colaboración e felicitándoo pola elaboración do dito documento.

3. Recibíronse 17 emendas ao Ditame provisorio elaborado pola Comisión Permanente do Proxecto de decreto de creación do INDAGA. Ademais mantéñense vivas para o debate seis emendas de inclusión ao Ditame.

6 REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE			
DATA	15 de abril de 2009	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	16:30 – 18:30	ASISTENTES	5 de 7 (71,4 %)
ORDE DO DÍA			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2. Informe da presidencia. 3. Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia. 4. XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado 5. Rogos e preguntas. 			
TEMAS TRATADOS			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade. 2. O Asesor técnico do Consello e o Secretario informan do seguinte: <p>O Consello Escolar do Estado remitiu por correo electrónico o Borrador do Informe sobre o estado e situación do sistema educativo, Curso 2007/2008, así como o "<i>Documento de Traballo sobre as propostas de mellora</i>". Entréganse os documentos coa finalidade de que se fagan chegar, nun prazo prudente, as emendas que se estimen oportunas. Dende o Consello Escolar trasladaráselle ao Consello Escolar do Estado.</p> <p>Elaborouse un documento que recolle de forma protocolizada a actividade a seguir en diferentes actividades que se realizan na secretaría do Consello, como son: preparación de documentación para as comisións permanentes e plenos, reserva do salón, envíos de correos electrónicos, arquivo de expedientes, rexistro de entrada e saída, etc. A finalidade é que, no caso de que haxa cambios no persoal do Consello, exista un documento que facilite a tramitación do día a día da secretaría do Consello.</p> 			

Nestas últimas semanas estívoise organizando o arquivo do Consello, o almacén e despachos. A finalidade era retirar documentación obsoleta ou repetida que existía, así como outros arquivos que xa non era precisa a súa custodia.

Na asesoría técnica estivo elaborándose un documento que recolle información sobre a dinamización da comunidade educativa nos consellos escolares. Nel recóllese información do proceso seguido no asesoramento a concellos para a constitución de consellos escolares municipais, modelo de regulamento de réxime interno deles, así como unha proposta de actuación comarcalizada para fomentar a participación en 16 zonas de Galicia.

Estase elaborando un informe sobre as xornadas que realizou o Consello Escolar no último trimestre do ano 2008 sobre as eleccións a consellos escolares de centros.

3. Infórmase da situación do informe sobre as actividades extraescolares e complementarias. Como xa se sabe, membros desta Comisión Permanente estudaron o informe que entregou o ICE e como viron que non tiña a estrutura axeitada e que as conclusións non estaban desenvolvidas, pediúselle ao Director da investigación que reconsiderase a estrutura, así como, ampliasen as propostas en cada un dos capítulos.

Agora, unha vez recibido de novo ese documento reformulado, quedan por ver algunhas cuestións que mellorarían e/ou aclararían o texto. Nese sentido, acórdase que as revisen os membros do Consello que participaron na súa revisión inicial e que lle propoñan ao Director do ICE eses últimos cambios previos á entrega do informe definitivo por parte do ICE.

Unha vez que se teña o informe do ICE, achegarase a todos os membros da Comisión Permanente para a súa lectura e formulación de propostas para incluír no mesmo, en recadros en gris, como propostas do Consello Escolar de Galicia.

4. Infórmase do acontecido nas reunións de presidentes de Consellos Escolares Autonómicos que se celebraron en Asturias e Granada para tratar sobre os documentos 1 e 3 dos encontros.

Tamén se informa da situación actual dos documentos facendo fincapé no último documento, o número 3, que é o que está sen pechar neste momento. Nese sentido, dise que xa se achegaron as emendas do Consello Escolar de Galicia ao borrador de documento 3, que saíu como resultado da última reunión de presidentes de consellos escolares celebrada en Granada.

Tan pronto como se reciba o último borrador de documento 3 coas emendas que quedan vivas, remitiranse a todos os membros da Comisión Permanente para que se estuden e se teñan en conta para o seu debate nos encontros.

Coméntase tamén que pode darse a posibilidade de que elixan as dúas experiencias galegas que se enviaron ao Consello Escolar de Estremadura para poder ser presentadas nos encontros.

Queda pendente de resolver o transporte dos asistentes aos encontros, que variará en función do número total de persoas que se despracen.

7 REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE			
DATA	15 de xullo de 2009	CARÁCTER	Sesión ordinaria
DURACIÓN	17:00 – 18:15	ASISTENTES	7 de 7 (100 %)
ORDE DO DÍA			
1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.			
2. Informe da presidencia.			
3. Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia.			
4. Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2008/2009.			
5. Rogos e preguntas.			

TEMAS TRATADOS

1. Apróbase a acta da sesión anterior por unanimidade.

2. O Sr. Presidente informa do seguinte:

O Consello Escolar do Estado remitiu para que fora traducido ao galego o documento de propostas de mellora do Informe sobre o estado e situación do sistema educativo, curso 2007/2008. A referida tradución xa foi enviada ao Consello Escolar do Estado.

O día 8 de xullo pasado desenvolveuse en Madrid a reunión de presidentes de consellos escolares autonómicos e do estado. Acordouse dar de prazo ata o 15 de setembro para que cada Consello Escolar achegase a súa proposta de índice para o documento 1 dos XX Encontros. Por outra banda, a finais de setembro desenvolverase unha nova reunión de presidentes para acordar ese índice e decidir a contratación ou non dun experto en organización escolar para a elaboración dun documento marco sobre a "Autonomía de xestión dos centros educativos".

Repártense copias do documento TALIS (OCDE), *Estudo Internacional sobre a Ensinanza e o Aprendizaxe* que foi facilitado na reunión de presidentes. Repártese tamén un folleto sobre a "Avaliación de diagnóstico".

Queda pendente de distribuír o documento "La autonomía escolar en Europa. Políticas y Medidas".

3. Entregouse hai xa un tempo o documento *Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia* en CD. O informe está dividido en dous grandes apartados, unha parte teórica e unha parte empírica. Conta ademais con tres anexos: cuestionarios por sectores, relación de centros da mostra seleccionada e relación de actividades extraescolares ás que asiste o alumnado da mostra.

Na parte teórica desenvólvense polo miúdo: as perspectivas da educación extraescolar, os servizos complementarios nas CC AA, as actividades extraescolares na CA de Galicia, o transporte escolar e o programa madrugadores e a apertura de centros fóra do horario lectivo.

Na parte empírica: metodoloxía, análise descritiva dos sectores da mostra, actividades extraescolares, servizo de comedor escolar, servizo de transporte escolar e programa madrugadores.

O traballo que a comisión permanente debe abordar nestes momentos é o de incluír propostas de mellora en cada capítulo.

Acórdase facer unha primeira aproximación que se estudará na reunión da comisión permanente do 15 de setembro.

4. No documento *Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2008/2009* recóllense as actividades realizadas por este órgano ao longo do curso. Coméntanse cales son os puntos que recolle e os temas do documento. Acórdase facer unha revisión da Memoria e achegar as propostas o máis axiña posible para que a comisión permanente, na súa vindeira reunión, redacte o documento definitivo que se lles achegará a todos os membros do Consello Escolar de Galicia para a súa aprobación.

5. Rogos e preguntas

Virgilio Gantes solicita que no próximo pleno do Consello Escolar de Galicia se trate o tema do programa de gratuidade dos libros de texto e da valoración das enquisas sobre a lingua galega no ensino.

Raúl Gómez solicita que o pleno se pronuncie sobre a gratuidade, préstamo dos libros de texto e, tamén, sobre o galego no ensino.

Fernando del Pozo indica que o tema das enquisas sobre o galego xa se tratou no apartado de rogos e preguntas da sesión do pleno do día 18 de xuño.

Raúl Gómez sinala que é unha proposta que se pode facer e manifesta o seu acordo co Sr. Gantes en que o Consello Escolar de Galicia debe tratar ambos os dous temas.

Xosé Ramos manifesta que tamén apoia a proposta. Neste sentido sinala que se debería elaborar un escrito que recolla as propostas e presentalo na comisión permanente para que se achegue posteriormente a todos os membros do Consello Escolar de Galicia para tratalo en sesión plenaria.

Virgilio Gantes e Raúl Gómez comprométese a elaborar unha proposta e achegala ao Consello Escolar para tratalo na vindeira reunión da comisión permanente.

3.3. Ditames emitidos polo Consello Escolar de Galicia.

O artigo 21º. 1. do Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia, no seu apartado b) indica que lle corresponde ao pleno do Consello Escolar de Galicia emitir ditames ou informes sobre os asuntos relacionados no artigo 15 do Decreto 44/1988 (Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e Municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia).

No período que abrangue esta memoria de actividades, o pleno do Consello Escolar de Galicia achegoulle á Administración educativa os seguintes ditames:

1. *Ditame sobre o Proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia. (17/12/2008).*
2. *Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se crea o Centro de Innovación na Formación Profesional de Galicia, INDAGA. (27/01/2009).*

A seguir, reproducimos o proceso que se seguiu para a elaboración dos ditames e os textos íntegros que o Consello Escolar de Galicia emite e lle achega á Administración educativa e que están ao dispor da comunidade educativa a través da súa páxina web dentro do portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (www.edu.xunta.es/portal. Facer clic en “Consellería”, “Órganos colexiados”, “Consello Escolar de Galicia”, “Ditames”).



CONSELLO ESCOLAR
DE GALICIA



17 de decembro de 2008

PROCESO DE ELABORACIÓN DO DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



ESTRUTURA DO PROXECTO DE DECRETO

Exposición de motivos

Capítulo I : Disposicións xerais.

Artigo 1º.- Obxecto e ámbito.

Artigo 2º.- Principios xerais.

Capítulo II: Escolarización

Artigo 3º.- Condicións xerais.

Artigo 4º.- Centros para a escolarización.

Artigo 5º.- Modalidades de escolarización.

Artigo 6º.- Organización das ensinanzas.

Capítulo III: Medidas e recursos para a atención á diversidade

Artigo 7º.- Consideracións xerais.

Artigo 8º.- Medidas xerais.

Artigo 9º.- Medidas específicas.

Artigo 10º.- Recursos.

Capítulo IV: Atención á diversidade nas distintas ensinanzas non universitarias

Artigo 11º.- Principios.

Artigo 12º.- Educación infantil.

Artigo 13º.- Ensino básico obrigatorio.

Artigo 14º.- Bacharelato.

Artigo 15º.- Formación profesional.

Artigo 16º.- Ensinanzas de idiomas.

Artigo 17º.- Ensinanzas artísticas.

Artigo 18º.- Ensinanzas deportivas.

Artigo 19º.- Educación de persoas adultas.

Capítulo V: Participación, promoción da calidade, formación e innovación

Artigo 20º.- Formación do profesorado

Artigo 21º.- Innovación educativa

Artigo 22º.- Colaboración coas familias do alumnado.

Artigo 23º.- Cooperacións

Disposicións adicionais.

Adicional primeira.- Acceso ás ensinanzas de formación profesional, artísticas e deportivas de persoas que acrediten discapacidade.

Adicional segunda: Docentes pertencentes a outros corpos.

Disposición derogatoria.

Disposicións finais.

Primeira. Desenvolvemento normativo.

Segunda. Entrada en vigor.

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación
- Real Decreto 1538/2006, de 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

EMENDAS E RECOMENDACIÓNS PRESENTADAS (POR ORDE DE CHEGADA) Á COMISIÓN PERMANENTE						
ENTIDADE OU INSTITUCIÓN	ADICIÓN	SUBSTITUCIÓN	SUPRESIÓN	RECOMENDACIÓN	TOTAL	ACEPTADAS PARA O DITAME PROVISORIO
FEDERACIÓN GALEGA DE MRP	1	3	1	1	6	3
COORDENADORA GALEGA MRP	5	1	2	-	8	7
FSIE	2	-	1	-	3	1
FETE-UGT	9	2	2	2	15	7
CIG	9	4	5	2	20	8
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS	2	-	1	-	3	3
CC OO	18	1	1	1	21	-
TOTAL	46	11	13	6	76	29



DITAME PROVISORIO:

A comisión permanente aceptou 29 emendas presentadas (algunhas emendas coincidentes de varios sectores) e elaborou o Ditame provisorio que consta de 15 puntos (na recomendación incorporáronse varias emendas).

EMENDAS PRESENTADAS AO DITAME PROVISORIO				
INSTITUCIÓN OU ENTIDADE	ADICIÓN	SUBSTITUCIÓN	SUPRESIÓN	TOTAL
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-	3	8	11

EMENDAS E RECOMENDACIÓNS PRESENTADAS PARA A SÚA INCLUSIÓN NO DITAME DEFINITIVO					
ENTIDADE OU INSTITUCIÓN	ADICIÓN	SUBSTITUCIÓN	SUPRESIÓN	RECOMENDACIÓN	TOTAL
CC OO	10	2	-	-	12
CIG	8	4	3	2	17
FETE-UGT	5	-	1	-	6
TOTAL	23	6	4	2	35



PLENO

DITAME DEFINITIVO:

Acéptanse 8 emendas da Administración educativa ao Ditame provisorio e 1 emendas de inclusión ao Proxecto de decreto de CIG.

Apróbase o Ditame definitivo na sesión plenaria do día 17 de decembro de 2008 co seguinte resultado:

9 votos a favor, 3 votos en contra e 9 abstencións.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 17 de decembro de 2008, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros de ensino non universitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que no noveno parágrafo da Exposición de motivos se suprima, na cuarta liña, a expresión: *“por dificultades de aprendizaxe”*. (Páxina 2, liña 15).
2. No artigo 3º.- *Centros para a escolarización*, punto 3, propónse a inclusión do texto que aparece en negriña na seguinte expresión: *“...establecerá unha distribución equilibrada do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, cunha diminución proporcional da ratio que permita...”*. (Páxina 5, liña 4).
3. No punto 6 do mesmo artigo 3º, propónse a supresión da expresión: *“En todo caso requirirá dun ditame específico que así o aconselle”*; pola seguinte expresión: *“En todo caso requirirá dun ditame do Equipo de Orientación Específico, respectándose o dereito dos pais e das nais a seren oídos”*. (Páxina 5, liña 15).
4. Para o artigo 4º.- *Centros para a escolarización*, punto 2, propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: *“preservando os principios de normalización e inclusión.”* (Páxina 5, liña 25).
5. Nese mesmo artigo, no punto 3, propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: *“Estes centros poderán ser declarados centros de escolarización preferente co fin de lograr equipos docentes estables para abordaren as necesidades específicas do seu alumnado”*. (Páxina 5, liña 28).
6. Para o artigo 6º.- *Organización das ensinanzas*, punto 5, o Consello Escolar de Galicia propón a supresión da expresión *“sempre e cando exista dispoñibilidade de prazas”*, ao final do parágrafo. (Páxina 7, liña 20).
7. Para o punto 7 dese mesmo artigo 6º, o Consello Escolar propón que, despois da expresión: *“... para o alumnado con necesidade educativas especiais”*; se inclúa a seguinte expresión: *“para dar resposta adaptada ao alumnado con plurideficiencias ou discapacidades que non sexa posible atender debidamente nas aulas ordinarias”*. (Páxina 7, liña 34).
8. No artigo 8º.- *Medidas xerais*, no punto 1, apartado e), propónse a substitución da expresión: *“non só será avaliado o progreso do alumnado senón tamén a práctica docente”*; pola seguinte expresión: *“A avaliación aplicarase e estenderase ao proceso de ensinanza-aprendizaxe”*. (Páxina 9, liña 21).
9. Nese mesmo artigo 9º, no apartado g), propónse a substitución da expresión: *“- Fóra da aula, a tempo parcial”*; pola seguinte: *“- Con carácter excepcional, fóra da aula, a tempo parcial”*. Así mesmo, propónse que esta expresión se poña ao final do apartado. (Páxina 10, liña 25).
10. No artigo 13º.- *Ensino básico obrigatorio*, no punto 3, propónse a inclusión da palabra que aparece en negriña na seguinte expresión: *“Reforzos, apoios,*

desdobres, agrupamentos flexibles, integración de materias por ámbitos...". (Páxina 13, liña 25).

11. No punto 2 do artigo 16º.- *Ensinanzas de idiomas*, propónse un texto de adición ao final do parágrafo, que diga: "**Os centros facilitarán e adecuarán os seus medios e recursos para facilitárenlle a este alumnado acceder e cursar estas ensinanzas**". (Páxina 15, liña 12).
12. Na *adicional segunda*: *Docentes pertencentes a outros corpos*, o Consello Escolar propón a substitución da expresión: "O profesorado funcionario do Corpo de mestres especialista"; pola seguinte expresión: "**Os mestres e as mestras especialistas**". (Páxina 18, liña 14).
13. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que no desenvolvemento que faga deste Decreto garanta os recursos persoais, materiais e económicos que posibiliten a necesaria calidade da atención á diversidade. É por iso que cómpre que se recollan expresamente, entre outras, medidas concretas como: a redución das rateos nas aulas que escolarizan alumnado

con necesidades educativas específicas; a dotación suficiente de persoal de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, orientadores e doutros profesionais; establecer os criterios para fixar os centros de escolarización preferente e as aulas específicas; clarificar o que se entende por *adaptacións curriculares* como medida específica de atención á diversidade, e establecer o tempo de permanencia do alumnado nos agrupamentos específicos dende unha perspectiva orientada á inclusión, o cal implica necesariamente que ese tempo de permanencia do alumnado afastado do grupo de referencia non debe superar o 40% do horario escolar.



CONSELLO ESCOLAR
DE GALICIA

27 de xaneiro de 2009

PROCESO DE ELABORACIÓN DO DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO DE INNOVACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GALICIA, INDAGA



ESTRUTURA DO PROXECTO DE DECRETO

Exposición de motivos

Capítulo I : Obxecto, definición, ámbito de aplicación e dependencia.

Artigo 1. Obxecto e definición.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Artigo 3. Dependencia orgánica e funcional.

Capítulo II: Funcións e estrutura.

Artigo 4. Funcións.

Artigo 5. Estrutura.

Artigo 6. Director/a.

Artigo 7. Funcións do/da director/a do INDAGA.

Artigo 8. Responsable de calidade.

Artigo 9. Funcións do/da responsable de calidade.

Artigo 10. Departamento de innovación.

Artigo 11. Departamento de teleformación.

Artigo 12. Departamento de formación especializada.

Artigo 13. Coordinadores e coordinadoras.

Artigo 14. Asesores e asesoras do INDAGA.

Artigo 15. Asesores e asesoras de formación especializada nos centros educativos.

Artigo 16. Funcións dos asesores e asesoras de formación do INDAGA.

Artigo 17. Rexistro de formación permanente do profesorado.

Artigo 18. Persoal técnico especialista e persoal de administración e servizos.

Capítulo III: Funcionamento do INDAGA.

Artigo 19. Autonomía de xestión.

Artigo 20. Contratación.

Artigo 21. Plan estratéxico e plan anual.

Disposicións adicionais.

Primeira: Complemento docente específico.

Segunda: Certificación das actividades de formación.

Disposición transitoria.

Disposición derogatoria.

Disposicións derradeiras.

Primeira: Desenvolvemento normativo.

Segunda: Entrada en vigor.

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. (Artigo 102)
- Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, a estrutura, a organización e o funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da comunidade autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos.
- Decreto 192/2008, do 28 de agosto, polo que se modifica o Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (Artigo 6)

OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE

- II Plan Galego de Formación Profesional para o período 2008/2011

EMENDAS E RECOMENDACIÓNS PRESENTADAS (POR ORDE DE CHEGADA) Á COMISIÓN PERMANENTE						
ENTIDADE OU INSTITUCIÓN	ADICIÓN	SUBSTITUCIÓN	SUPRESIÓN	RECOMENDACIÓN	TOTAL	ACEPTADAS
COORDENADORA GALEGA MRP	7	3	2	1	13	12
CC OO	6	-	-	1	7	-
FETE-UGT	1	-	-	-	1	-
CIG	1	3	1	1	6	2
LOURDES MONTERO	1	-	-	-	1	1
TOTAL	16	6	3	3	28	15



DITAME PROVISORIO:

A Comisión Permanente aceptou 15 emendas presentadas e elaborou o Ditame provisorio que consta de 16 puntos.

EMENDAS PRESENTADAS AO DITAME PROVISORIO				
INSTITUCIÓN OU ENTIDADE	ADICIÓN	SUBSTITUCIÓN	SUPRESIÓN	TOTAL
FETE-UGT	-	-	3 (1, 6 E 14)	3
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-	4 (4, 5, 11 E 12)	10 (1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 14, 15, 16)	14
TOTAL	-	4	13	17

EMENDAS E RECOMENDACIÓNS PRESENTADAS PARA A SÚA INCLUSIÓN NO DITAME DEFINITIVO					
ENTIDADE OU INSTITUCIÓN	ADICIÓN	SUBSTITUCIÓN	SUPRESIÓN	RECOMENDACIÓN	TOTAL
CC OO	1	-	-	-	1
CIG	2	2	-	1	5
TOTAL	3	2	-	1	6



PLENO

DITAME DEFINITIVO:

Acéptanse 13 emendas da Administración educativa e 3 de FETE-UGT presentadas ao Ditame provisorio e 2 emendas de inclusión ao Proxecto de decreto de CIG.

Apróbase o Ditame definitivo na sesión plenaria do día 27 de xaneiro de 2009 co seguinte resultado:

12 votos a favor, 3 votos en contra e 12 abstencións.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO DE INNOVACIÓN NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GALICIA, INDAGA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 27 de xaneiro de 2009, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se crea o centro de innovación na formación profesional de Galicia, INDAGA.

1. O Consello Escolar de Galicia propón a adición do texto: *“centros tecnolóxicos, departamentos de investigación universitarios e outras administracións públicas”* no apartado a) do artigo 7, logo de: *“coas empresas”* e antes de: *“no marco das competencias...”*. (Páxina 4, liña 12).
2. Así mesmo propón, no apartado b) do artigo 10, a adición do texto: *“públicas”*, logo de: *“administracións”* e antes de: *“en proxectos relacionados”*. (Páxina 5, liña 31).
3. No apartado a) do artigo 11, correspondente ás funcións do departamento de teleformación, propónse a substitución do texto: *“Propor plans de mellora da interconectividade dos centros para optimizar as redes e os recursos informáticos”* polo seguinte: *“Propor plans de mellora e de optimización das redes e recursos informáticos para a prestación dos servizos”*. (Páxina 6, liñas 10 e 11).
4. Para o punto 6 do artigo 14, propónse a adición de: *“Decreto”* ao remate do parágrafo. (Páxina 8, liña 26).
5. No artigo 15, propónse a substitución de: *“coordinador ou a coordinadora”* por: *“asesor ou a asesora”*. (Páxina 8, liña 33).
6. Para o punto 2 do artigo 21, propónse a adición de: *“dos diferentes departamentos e os asesores ou asesoras”* despois de: *“coordinadores ou coordinadoras”* e antes de: *“o plan estratéxico...”*. (Páxina 10, liña 14).
7. No mesmo artigo 21, mais no apartado 3, propónse a adición de: *“devanditos”* logo de: *“coa colaboración dos”* e antes de: *“coordinadores ou coordinadoras”*, (páxina 10, liña 17), e tamén a adición de: *“e asesores ou asesoras”*, inmediatamente despois de: *“coordinadores ou coordinadoras”* e antes de: *“un plan anual”*, (páxina 10, liña 18).



Fotografía 5:
Sesión plenaria do 18/06/2009



Fotografía 6:
Sesión plenaria do 18/06/2009

Os membros do Consello Escolar de Galicia presentaron un total de 104 emendas aos 2 Proxectos de decreto achegados pola Administración educativa.

CONCEPTO	DITAME 1	DITAME 2	TOTAL
PROXECTO DE DECRETO	Atención á diversidade...	Creación do INDAGA...	2
EMENDAS PRESENTADAS	76	28	104
EMENDAS ACEPTADAS	29	15	44
PUNTOS DITAME PROVISORIO	15	16	31
EMENDAS DITAME PROVISORIO	11	17	38
EMENDAS DITAME PROVISORIO ACEPTADAS	8	16	24
EMENDAS DE INCLUSIÓN PRESENTADAS	35	6	41
EMENDAS DE INCLUSIÓN ACEPTADAS	1	2	3
PUNTOS DITAME DEFINITIVO	13	7	20
VOTOS EN CONTRA DITAME DEFINITIVO	3	3	6
VOTOS PARTICULARES	0	0	0




RELACIÓN DE EMENDAS (POR SECTORES) ACEPTADAS POLA COMISIÓN PERMANENTE PARA A ELABORACIÓN DOS DITAMES PROVISORIOS

SECTOR	DITAME 1	DITAME 2	TOTAL
FEDERACIÓN GALEGA DE MRP	3	-	3
SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS	3	-	3
FSIE	1	-	1
CIG	8	2	10
FETE-UGT	7	3	10
COORDENADORA GALEGA DE MRP	7	12	19
CC OO	-	2	2
LOURDES MONTERO	-	-	-
CECE GALICIA	-	2	2
TOTAL	29	21	50

RELACIÓN DE EMENDAS AOS DITAMES PROVISORIOS E DE EMENDAS DE INCLUSIÓN AOS PROXECTOS DE DECRETO (POR SECTORES) ACEPTADAS POLO PLENO PARA A ELABORACIÓN DOS DITAMES DEFINITIVOS

SECTOR	DITAME 1	DITAME 2	TOTAL
ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	8 (*)	13 (*)	21
CIG	1	2	3
FETE-UGT	2	3 (*)	5
CECE GALICIA	-	1	1
TOTAL	11	19	30

(*) As marcadas con asterisco son emendas aos ditames provisorios. O resto, emendas de inclusión aos Proxectos de decreto.



04

Fotografía:
Martíño Picallo



Informe: os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos.

O Artigo 10 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia* determina que o Consello Escolar de Galicia deberá elaborar anualmente un informe sobre a situación e estado do sistema educativo en Galicia.

Posteriormente, o Pleno do Consello Escolar acordou que o informe sobre a evolución e estado actual do sistema educativo en Galicia se realizaría cada dous anos e ademais que podería referirse a algún aspecto específico do sistema educativo que pola súa importancia ou polos cambios xerados tivese unha especial relevancia a súa concreción polo miúdo.

Como consecuencia, o día 26 de novembro de 2007, a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para a elaboración dun estudo previo á elaboración do informe *Os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos*.

José Cajide Val (Director do ICE da Universidade de Santiago de Compostela) e Antonio Rodríguez Martínez (Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela) dirixiron ao equipo de investigación formado por 34 persoas que elaboraron a investigación ao longo do curso 2007/2008.

A presente investigación pretende coñecer a situación das actividades extraescolares, dos servizos complementarios, comedor e transporte escolar, e do programa madrugadores nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos no curso escolar 2007/2008. O Obxectivo fundamental é analizar os ámbitos mencionados, dun xeito descritivo e comparativo, a súa tipoloxía, o seu funcionamento, a súa calidade e, tamén, a súa problemática, cun sentido de mellora, destacando os puntos fortes e febles, con conclusións e suxestións precisas dirixidas á superación dos atrancos e á optimización destas áreas, co obxecto de que os centros educativos poidan poñer en práctica actuacións de mellora e as autoridades educativas, pola súa parte, potenciar os aspectos positivos e emendar as actuacións que non procedan.

A investigación está dividida en dous grandes apartados: I. Parte teórica e II. Parte empírica. Conta ademais con tres anexos: 1. Cuestionarios por sectores. 2. Relación de centros educativos da mostra seleccionada. 3. Relación de actividades extraescolares ás que asiste o alumnado da mostra.

Na parte teórica desenvólvense polo miúdo: as perspectivas da educación extraescolar, os servizos complementarios nas comunidades autónomas españolas, as actividades extraescolares na Comunidade Autónoma de Galicia, os comedores escolares na Comunidade Autónoma de Galicia,

o transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia e o programa madrugadores e a apertura de centros na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na parte empírica: metodoloxía, análise descritiva dos sectores da mostra, actividades extraescolares, servizo de comedor escolar, servizo de transporte escolar e programa madrugadores.

Fanse ademais unhas consideracións finais e algunhas propostas de mellora. Hai 50 gráficas explicativas e 83 táboas de datos.


Logo do proceso de elaboración da investigación, esta foi entregada no Consello Escolar de Galicia o día 3 de xuño de 2009. Agora, continúa o proceso que levará á Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia a elaborar, partindo da investigación, o preceptivo informe. O dito informe será trasladado ao pleno para que faga todas as suxestións e emendas que considere oportunas para finalmente aprobalo. O informe definitivo, aprobado polo pleno do Consello Escolar de Galicia, farase público e presentaráselle á Administración educativa.



Fotografía 7: sesión plenaria do 18 de xuño de 2009.



Fotografía 8: Fernando Del Pozo Andrés, vicepresidente do Consello Escolar de Galicia. Pleno do 18 de xuño de 2009.



05

Fotografía:
Martíño Picallo



Actividades do Consello Escolar de Galicia

O Consello Escolar de Galicia é o órgano a través do cal todos os sectores interesados no ensino non universitario participan na súa programación xeral (Artigo 2 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia*) dentro do ámbito das súas competencias (Artigo 9 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia*). Pero ademais participa, organiza e desenvolve outras múltiples actividades, entre as que destacamos:

5.1. Acto de presentación da memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia relativa ao curso 2007/2008.

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e presidenta do Consello Escolar de Galicia, Laura Sánchez Piñón, presidiu o acto de presentación da Memoria de actividades 2007/2008 do Consello Escolar de Galicia, máximo órgano de representación e consulta da sociedade galega en materia educativa, que se desenvolveu o día 29 de outubro de 2008 na sala de xuntas da Federación de APA de centros públicos da Coruña.

Iniciou o acto Milagros Blanco Pardo, vicepresidenta do Consello Escolar de Galicia, quen fixo un breve percorrido pola actividade desenvolvida polo consello ao longo deste curso escolar, tanto no que se refire aos ditames emitidos sobre os proxectos remitidos pola Administración educativa como nas reflexións e propostas sobre temas educativos. Salientou a dinámica de traballo que se está a seguir no máximo órgano consultivo en materia educativa, a cal

permite transmitirle á Administración educativa as ideas e as opinións que gozan dos máis amplos consensos entre os diferentes sectores e estamentos da sociedade galega representados no Consello Escolar.

Pola súa banda, Javier Losada Azpiazu, alcalde da Coruña, felicitou ao Consello Escolar por ter elixida a cidade da Coruña para a presentación da súa memoria de actividades, xa que a cidade herculina foi pioneira na creación do Consello Escolar Municipal, adiantándose incluso en varios anos á Lei de creación do Consello Escolar de Galicia de 1986. Tamén considerou un acerto o lugar. O edificio que nos acolleu, proxectado en 1906, foi o primeiro edificio construído na cidade para instalar unha escola de instrución pública que funcionou como tal ata o ano 1988. Posteriormente foi sede do Centro Galego de Educación Básica a Distancia e dende setembro de 1993, sede da Federación Provincial de APA da Coruña e de CONFAPA-Galicia.

Na súa intervención, Laura Sánchez Piñón, máxima responsable da Administración educativa, salientou que a participación é un dos piares básicos do ensino e afirmou que un dos retos do departamento que dirixe é incrementar o compromiso real e efectivo da sociedade coa educación creando a necesaria cultura de participación cidadá. A conselleira agradeceu, ademais, o esforzo de todos os membros do Consello Escolar no propósito de mellorar a calidade da educación, fomentando a cohesión social e velando pola igualdade de oportunidades. Rematou

poñendo en valor algunhas das iniciativas que a Consellería puxo en marcha nas que precisamente foi necesaria a implicación e colaboración da comunidade educativa, como o servizo de comedor escolar ou o programa de apertura de centros fóra do horario lectivo.

O acto completouse coa interpretación de dúas pezas musicais a cargo de Eloy Vázquez Fontenla (guitarra) e Ricard Pujol Miñán (fauta), alumnos do Conservatorio Profesional de Música da Coruña. Interpretaron “Bachiana núm. 5” de Villalobos e “1º movemento do verán porteño” de Piazzolla.

5.2. Xornada: A participación cidadá na educación: os consellos escolares municipais.

O Consello Escolar de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) desenvolveron a xornada *A participación cidadá en educación: os consellos escolares municipais* na Escola Galega de Administración Pública, en Santiago de Compostela, o día 31 de outubro.

A xornada, especialmente dirixida a alcaldes, concelleiros, técnicos municipais de educación e membros dos consellos escolares municipais, tivo o obxectivo fundamental de promover e dinamizar a participación cidadá en educación como medio para mellorar a calidade do ensino.

O labor educador que os concellos desenvolven é imprescindible para facer efectivo o dereito dos cidadáns de formarse ao longo de toda a súa vida. Os consellos escolares municipais (creados pola *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia*) poden ser un instrumento moi útil para a dinamización da participación cidadá en materia educativa, proporcionándolles ademais aos temas educativos a dimensión integradora e a perspectiva global necesarias para a mellora da calidade do ensino.



Fotografía 9: Laura Sánchez Piñón, Javier Losada Aspiazu e Milagros Blanco Pardo na presentación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia. Curso 2007/2008.

PROGRAMA

09:30 –	ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN
10:00	
10:00	INAUGURACIÓN
–	Laura Sánchez Piñón, <i>conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.</i>
10:30	Carlos Antonio Fernández Castro, <i>presidente da FEGAMP.</i>
10:30	MESA REDONDA: A participación a través dos consellos escolares.
–	Carmen Maestro Martín, <i>presidenta do Consello Escolar do Estado.</i>
12:00	Pedro José Pérez Valiente, <i>ex-presidente do Consello Escolar de Castela A Mancha.</i>
–	José Alejo Losada Aldrey, <i>secretario do Consello Escolar de Galicia.</i>
12:00	
–	PAUSA CAFÉ
12:30	
12:30	RELATORIO: Constitución e funcionamento dos consellos escolares municipais.
–	Xosé Anxo Seoane Cao, <i>asesor técnico do Consello Escolar de Galicia.</i>
14:00	
14:00	
–	XANTAR
16:00	
16:00	RELATORIO: O papel dos concellos en educación: situación actual e perspectivas de futuro.
–	Josep Mayoral i Antigas, <i>alcalde de Granollers.</i>
17:30	Presenta: Carlos Antonio Fernández Castro, <i>presidente da FEGAMP.</i>
	EXPERIENCIAS DE PARTICIPACIÓN
	Consello Escolar Municipal da Coruña.
	Fernando Pariente Chacartegui, <i>Servizo Municipal de Educación.</i>
	Consello Escolar Municipal de Culleredo.
17:30	Carmen Varela Corbelle, <i>concelleira de educación.</i>
–	Consello Escolar Municipal de Ourense.
19:30	Ana Garrido Rodríguez, <i>concelleira de educación.</i>
	Consello Municipal de Cangas.
	Xosé Manuel Pazos Varela, <i>concelleiro de educación</i>
	<i>Moderador: José López Orozco, alcalde de Lugo</i>
19:30	
–	CLAUSURA DA XORNADA
20:00	



Fotografía 10: Laura Sánchez Piñón, Carlos Fernández e Alejo Losada na inauguración da xornada A Participación cidadá na educación: os consellos escolares municipais. Outubro 2008

Na xornada inscribíronse 130 persoas e asistiron 92. Entre os asistentes contamos con cinco alcaldes, vinte e seis concelleiros de educación, vinte e nove técnicos municipais e 32 membros de consellos escolares municipais. Estiveron representados 44 concellos de Galicia. Contamos ademais con representación de 6 consellos escolares autonómicos e o do Estado.

A ficha de avaliación da actividade outorgou unha puntuación media de 3,8 (nunha escala de 1 a 5) en aspectos organizativos e de 3,5 en valoración xeral. Todos os relatores foron valorados positivamente.

No acto de clausura, o presidente da FEGAMP deu lectura ás conclusións da xornada e aos compromisos adquiridos polas dúas institucións organizadoras:

- Entendemos que participar é tomar parte activa na construción, no desenvolvemento e na avaliación dun proxecto educativo comunitario.
- A participación da comunidade na educación é un dos indicadores da calidade dos centros educativos,

aínda que non o único e posiblemente non o máis importante.

- Os consellos escolares municipais son os instrumentos que mellor poden canalizar a participación educativa. Democratizan e contextualizan a política educativa municipal; favorecen a convivencia, a comunicación, o diálogo e contribúen á mellora educativa e á aprendizaxe permanente.
- Cómpre revisar e adaptar o marco legislativo básico que dá lugar aos consellos escolares. As súas funcións, a súa composición e o seu funcionamento deben adaptarse á nova situación social e educativa.
- Os concellos deben converterse en espazos de aprendizaxe permanente, de convivencia e de diálogo. Os consellos escolares municipais, como órganos de consulta e de participación, deben asegurar a fluidez de comunicación cos consellos escolares de centro e acadar un alto nivel de interlocución co poder municipal.



Ilustración: Tríptico das xornadas.

- O consello escolar municipal lexitima a través da participación dos cidadáns o liderado social da Administración local para elaborar un Proxecto Comunitario que promova a mellora da calidade de vida e o progreso da comunidade, o que soamente se pode acadar na actual sociedade do coñecemento a partir da educación ao longo de toda a vida.
- O Consello Escolar de Galicia comprométese a elaborar un modelo básico de regulamento de réxime interno dos consellos escolares municipais, así como a asesorar a todos os concellos que o soliciten para poñer en marcha e/ou dinamizar os consellos escolares municipais.
- A FEGAMP e o Consello Escolar de Galicia elaborarán un proxecto de actuación para dinamizar os consellos escolares municipais de toda Galicia

5.3. Informe: Elección dos representantes da comunidade educativa nos consellos escolares de centros docentes. Outubro/novembro 2008.

Unha ensinanza de calidade pasa por fomentar a participación da comunidade educativa na organización e xestión dos centros. Participar esixe intervir de forma activa nas decisións e accións que se desenvolven no centro.

Debemos darlle o pulo necesario á participación de todos os sectores sociais para contribuír á mellora da educación tomando como principio que a educación é responsabilidade de todos.

A educación e a participación da cidadanía cobran na actual sociedade do coñecemento e da información un enorme sentido para a organización e o desenvolvemento do proxecto colectivo de comunidade que camiña cara a un futuro esperanzador.

Os consellos escolares son o principal instrumento a través do cal a comunidade educativa participa na toma de decisións e na xestión do centro. Entre todos e todas debemos construír a escola, piar básico da sociedade.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través do Consello Escolar de Galicia propúxose o **obxectivo de potenciar e dinamizar a participación nas eleccións de representantes nos consellos escolares de centros docentes que se desenvolveron en outubro e novembro de 2008**, xa que son pezas clave do noso sistema educativo, especialmente importantes nestes momentos en que a Lei Orgánica de Educación (LOE) fai énfase na calidade e equidade da educación e potencia a participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino a través dos consellos escolares.

A Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG 18/09/2008), estableceu o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes:

1. Constitución da Xunta Electoral: do 3 ao 5 de novembro. Regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril. (DOG do 29 de abril de 1988).
2. Concreción do calendario electoral.
3. Proclamación de candidatos.
4. Eleccións: do 24 ao 28 de novembro.
5. Constitución do Consello Escolar do Centro.
 - *Os centros que iniciaron o seu funcionamento no curso 2008/2009 desenvolverán as eleccións para a primeira constitución do consello escolar entre os días 27 e 31 de outubro.*



Para a consecución deste gran obxectivo, o Consello Escolar de Galicia desenvolveu 16 encontros, distribuídos por toda a xeografía galega, con todos os membros da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal non docente e representantes municipais.

Para a difusión da campaña, para a convocatoria dos encontros e para repartir entre os asistentes, editáronse os seguintes materiais:

- 4.000 carteis que se distribuíron en todos os centros educativos sostidos con fondos públicos de Galicia, centros de formación e recursos, concellos e outras institucións.
- 6.000 trípticos informativos distribuídos en todos os centros, concellos, cefore, institucións e asistentes aos encontros.
- 400 memorias USB con lexislación básica para membros de consellos escolares distribuídos entre os equipos directivos dos centros educativos asistentes e ANPA.
- Insignias do Consello Escolar de Galicia distribuídas entre todos os asistentes.

Para garantirmos que a difusión dos encontros chegara a todos os membros da comunidade educativa, fixemos a convocatoria destes a través dos directores e directoras dos centros, dos presidentes e presidentas das ANPA e tamén a través dos Centros de Formación e Recursos. Nun primeiro momento a través da achega masiva de información por correo ordinario e logo por correo electrónico. Tamén fixemos a convocatoria a través dos concellos nos que se ían desenvolver os encontros.

O programa base que se desenvolveu en cada un dos dezaseis encontros coa comunidade educativa incluía os seguintes temas:

- A participación educativa:
¿Por que?, ¿para que?, ¿como?
- Boas prácticas no funcionamento dos consellos escolares.

A partir da exposición dos membros do Consello Escolar de Galicia propiciábase un interesante coloquio no que os asistentes tiñan a oportunidade de preguntar, reflexionar e facer recomendacións e suxestións.

Ademais destas reunións, o Consello Escolar de Galicia desenvolveu un significativo labor de difusión da normativa que regula todo o proceso de eleccións a consellos escolares e aclaración de dúbidas, xa que foron máis dun centenar as consultas recibidas, ben telefonicamente, ben a través do correo electrónico. Aproximadamente, máis da metade correspondéronse con centros de educación primaria. O resto das consultas constituíronas institutos de educación secundaria e centros concertados.

A asistencia aos distintos encontros programados non foi a agardada. A seguir relacionamos os asistentes totais a cada un dos dezaseis encontros:

CONCELLO	DATA	ASISTENTES
SADA	15 de outubro	34
VIGO	21 de outubro	27
SANTIAGO DE COMPOSTELA	23 de outubro	28
VIVEIRO	5 de novembro	26
O BARCO DE VALDEORRAS	5 de novembro	10
LUGO	6 de novembro	35
A ESTRADA	6 de novembro	29
CARBALLO	10 de novembro	11
MONFORTE DE LEMOS	10 de novembro	20
OURENSE	12 de novembro	34
NOIA	12 de novembro	22
PONTEVEDRA	13 de novembro	38
VILALBA	13 de novembro	15
VILAGARCÍA DE AROUSA	19 de novembro	22
FERROL	19 de novembro	24
A CORUÑA	20 de novembro	12
TOTAL		387



Ilustración:
Cartel da campaña.

No desenvolvemento das distintas sesións, os asistentes consultaron dúbidas acerca do procedemento a seguir para a renovación dos membros dos consellos escolares e tamén opinaron, comentaron e reflexionaron sobre a participación da comunidade na educación, as funcións dos consellos escolares e a mellora do proceso de elección de representantes. As consideracións máis salientables e recorrentes son as que reproducimos a seguir e que ademais constitúen o corpus que nos serve de base para elaborar as nosas recomendacións e propostas de cara a aumentar cuantitativa e cualitativamente a participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino a través dos consellos escolares de centros docentes.

A participación educativa:

A participación educativa é complexa, difícil, comprometida; require esforzo, dedicación, tempo. Nalgunhas etapas educativas é aínda máis complicado. Por outra banda, a participación é unha conquista social, unha conquista cultural e necesita coidados. A participación hai que planificala e precisa ilusión, entusiasmo e o firme compromiso dos distintos sectores.

A percepción xeral é que a participación das familias, do alumnado, do profesorado e do persoal non docente, nos centros educativos, non é satisfactoria, ou cando menos todo o satisfactoria que cabería esperar, sobre todo tendo en conta que existe unha normativa que a posibilita e mesmamente a fomenta.

Segundo os distintos colectivos, afírmase que o nivel de participación nestes últimos tempos ten diminuído. Coméntanse tamén os medos e reticencias dos distintos sectores de cara á participación. Por unha banda, a participación do profesorado choca frontalmente con dúas tradicións: o individualismo e o corporativismo. Por outra, calquera incursión das familias no terreo que os profesores consideran propio (enseñanza-aprendizaxe,

avaliación, coordinación, titorías...) é considerada como intrusismo profesional.

As familias demandan información e formación. O profesorado, clarificación do papel que deben xogar os pais e incluso reclaman límites na súa participación.

Obsérvanse moitas diferenzas entre uns centros e outros, sobre todo no caso da participación do alumnado. Cómpre reflexionar sobre como ensinar a participar ao alumnado. O papel que neste sentido desenvolven a dirección e a acción titorial é fundamental, nun e noutro sentido.

Procedemento de elección e renovación dos membros dos consellos escolares:

Constátase a pouca participación das nais e pais nos procedementos de elección e renovación dos seus representantes no consello escolar. Tense a impresión de que a porcentaxe de votantes diminúe progresivamente. Son moitas as causas que están detrás desta escasa participación das familias. Destácanse entre outras: a falta de información; a incompatibilidade dos horarios das votacións cos laborais; os problemas de desprazamento, máis acusados no medio rural, e a falta de estímulo ao non ver útil a súa participación. Considérase, por outra banda, que aínda no caso de ampliar os horarios de votación ás 24 horas do día, as porcentaxes de votación seguirían a ser baixas en comparación co resto de sectores.

En contraste, o sector do profesorado mantén as elevadas porcentaxes de participación, entre outras circunstancias, por térense desenvolvido as votacións en reunión de claustro, de asistencia obrigatoria.

No caso do alumnado, considérase que a súa participación depende en gran medida do traballo que se faga nas titorías e no papel que a dirección desempeñe neste proceso.

A materia lexislativa que regula todo o proceso de elección e renovación de membros dos consellos escolares está espallada en distintas leis, decretos, ordes e incluso resolucións, polo que se dificulta a súa organización e xera múltiples dúbidas.

Son moitos os esforzos e os traballos das direccións para organizar un proceso no que despois van participar moi poucos. Tantos esforzos materiais, persoais e económicos para escasos resultados. Os directores asistentes coinciden en sinalar que a Administración debería dar apoio técnico aos centros para o desenvolvemento destes procesos. Reclaman tamén que a lexislación contemple a posibilidade de dar a autonomía necesaria -sen perder as garantías democráticas de transparencia do proceso- a cada centro para se acomodar ás súas propias circunstancias. Aspectos tan simples, en principio, como a constitución das mesas electorais, poden ser de difícil cumprimento aplicando as normas legais establecidas.

Boas prácticas no funcionamento dos consellos escolares:

Aínda mellorando o nivel de participación das familias nas eleccións dos seus representantes, incluso ata chegar ao 100%, a súa participación no consello escolar obtería os mesmos resultados xa que a dinámica de funcionamento deste órgano estaría determinada polas propias funcións que a lexislación establece (que non teñen incidencia real nas clases) e as prácticas na súa organización. Os representantes das familias, ¿reuniríanse previa e posteriormente ao desenvolvemento dunha reunión do consello escolar? A presidencia do consello escolar ¿executará os acordos, dará contas dos resultados e avaliaranse para estar en disposición de tomar decisións?

Segundo algúns asistentes, a composición dos consellos escolares de centro non é equitativa ao posibilitar a maioría docente sobre o resto de sectores. Considérase

que o número de representantes do profesorado non debería ser igual en número ao da suma do alumnado e as familias. No caso de que iso non se poida modificar, no total de alumnado e familias debería ser maior o número de representantes das familias e menor o do alumnado, contrariamente ao que acontece agora.

Existe unha manifesta coincidencia de todos os sectores na opinión de que tanto o alumnado como as familias teñen un alto grao de descoñecemento de cáles son as funcións do consello escolar. Por outra banda, descoñecen tamén o que é e o proceso de elaboración do Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual, Memoria Anual ...

Considérase que as funcións do consello escolar están orientadas a rutinas burocráticas e a dar o visto e prace aos asuntos cotiás, máis que a incidir directamente nos procesos de mellora da calidade do ensino, procesos estes que se consideran propios do profesorado.

Doutro xeito, os centros educativos deberían gozar de máis autonomía de xestión e así poderíanse dotar os consellos escolares de máis funcións de tipo administrativo, aspecto este que lle daría aos centros a oportunidade de ter máis identidade propia.

Recomendacións e Propostas:

Estamos en tempos de profundos cambios na sociedade e na educación e non tanto nos centros educativos. As novas dimensións da escola; o rol do profesorado, a súa propia formación inicial e permanente; a organización dos servizos educativos complementarios que faciliten a conciliación da vida familiar, laboral e escolar; os frecuentes cambios lexislativos e a inexistencia dun pacto pola educación, e os cambios curriculares, entre outros, son aspectos que condicionan a participación da sociedade en materia educativa.



Todos estes cambios esixen un cambio profundo nos centros educativos, na súa propia concepción e organización, e no persoal que atenda todas as necesidades educativas e de formación da cidadanía. Debemos ter en conta que actualmente existen mecanismos legislativos que garanten a participación, sen embargo soemos indicar que carecemos de “cultura participativa”. A participación non soamente se constitúe como unha manifestación de democracia senón que é ademais un indicador de calidade, aínda que non único.

Os consellos escolares poden contribuír en gran medida a facer posible un centro autónomo que tome as súas propias decisións e que sexan ademais froito dunha rica e plural información e análise.

Consideramos que antes de iniciar un inevitable proceso de mellora da participación educativa debemos reflexionar seria e rigorosamente sobre varias cuestións capitais:

- ¿Que entendemos por calidade educativa e en que medida a participación educativa contribúe a melloralala?
- ¿Que implicacións concretas leva consigo a participación educativa?
- ¿Que nivel de participación queremos acadar nos centros educativos?
- ¿Que pretendemos coa participación educativa?
- ¿Que estratexias podemos utilizar para estimular a participación?
- ¿Cales son as principais barreiras coas que se atopan os distintos sectores para participar nos consellos escolares?
- ¿Como podemos optimizar os esforzos realizados polos distintos sectores na participación educativa?
-

A participación é un dereito e un deber, e como tal debe facilitarse a asistencia de todos os membros dos consellos escolares de centro. Queremos recalcar a necesidade de establecer as reunións en días e horas que permitan a asistencia de todos os membros, moi especialmente aqueles que se atopan fóra do seu ámbito laboral e profesional.

Nos procesos de eleccións ou renovación dos representantes da comunidade educativa nos consellos escolares cómpre avanzar na adopción dunha serie de medidas encamiñadas a lograr unha maior participación dos distintos sectores entre as que indicamos:

- Intensificar as campañas institucionais de fomento da participación. Cada concello debería facer a súa propia campaña, tomando como base as indicacións e a propia campaña da Administración educativa.
- Efectuar as eleccións de todos os membros na mesma data, banda horaria e nunha única mesa electoral con urnas sectoriais.

A participación é un dereito, un deber e unha aprendizaxe. A Administración educativa debería fomentar a organización de xornadas de formación para membros de consellos escolares de centro, especialmente para nais e pais. A formación do alumnado pode encadrarse dentro dos programas de acción tutorial.

As familias precisan formación para poñer en marcha e dinamizar o funcionamento das asociacións de nais e pais. Tamén precisan información sobre as características educativas e psicolóxicas dos seus fillos e sobre as normas básicas de funcionamento dos centros educativos. En consonancia cos parágrafos anteriores, consideramos que a participación débese incorporar aos plans de formación do profesorado para desenvolver estratexias e dinámicas de traballo que desenvolvan no profesorado

actitudes participativas. A razón desta necesaria formación está na propia concepción da participación educativa como unha suma, e polo tanto non se debe asociar exclusivamente co consello escolar ou con outros órganos de participación, senón que implica directamente á educación, ás clases, á metodoloxía, ao profesorado, ao alumnado...

Por outra banda, para dinamizar o proceso de creación de cultura participativa non soamente hai que incidir sobre os aspectos organizativos dos centros, senón tamén sobre as actitudes das persoas e sobre as relacións de convivencia. É por iso que, á marxe doutras medidas, deberemos procurar crear espazos e tempos de convivencia lúdica entre os distintos sectores da comunidade educativa para crear un clima favorable de participación, de colaboración.

Formar parte do consello escolar do centro leva consigo unha responsabilidade, e unha dedicación en tempo que non ten recoñecemento. Non soamente se debe facilitar a participación senón que ademais se debe recoñecer profesionalmente dalgún xeito.

Abrir unha liña de apoio económico a aqueles centros que desenvolvan proxectos innovadores, actividades de convivencia, apertura de centros... nos que se involucren todos os sectores da comunidade educativa é unha medida que recoñecería o traballo colectivo e o valor da participación efectiva.

5.4. Proxecto: Dinamización dos consellos escolares municipais.

O Consello Escolar de Galicia cumpriu con todos os compromisos adquiridos na xornada “A participación cidadá na educación: os consellos escolares municipais” elaborando un proxecto de futuro para a dinamización dos consellos escolares municipais que consta basicamente das seguintes actuacións:

1. Achega dunha carta de presentación, asinada polos presidentes da FEGAMP e do Consello Escolar de Galicia, e dunha ficha de datos básicos de consellos escolares municipais a todos os concellos de Galicia.
2. Elaboración dunha base de datos sobre os aspectos básicos dos consellos escolares municipais de Galicia. Realizarase cos datos achegados polos concellos en resposta aos documentos anteriores.
3. Elaboración dun documento de traballo para as sesións organizadas para constituír e dinamizar o funcionamento dos consellos escolares municipais. O documento está elaborado e consiste nunha presentación co título: “Constitución e funcionamento dos consellos escolares municipais” no que se proporciona información dos pasos a dar para constituír o consello escolar municipal, suxestións para o seu funcionamento e directrices para elaborar un proxecto educativo municipal que teña por finalidade converter o concello nun espazo de aprendizaxe permanente, de convivencia e diálogo.
4. Elaboración dun caderno lexislativo básico. Contén a lexislación dos consellos escolares de Galicia e inclúe o bocexo básico para a elaboración do Regulamento de Réxime Interno do Consello Escolar Municipal.

CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2008.

Xosé Anxo Seoane Cao
Asesor técnico do Consello Escolar de Galicia

Consello de funcionamento dos consellos escolares municipais
Xosé Anxo Seoane Cao, asesor técnico do Consello Escolar de Galicia

1

CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS.

1. **INTRODUCCIÓN (IN)NECESARIA:**
O punto de partida: a democratización do ensino.
A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
Participar en educación: ¿por que? e ¿como?

2. **OS CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS:**
Marco legislativo básico.
Natureza.
Competencias.
Composición.
Proceso de constitución.

3. **PROXECTO EDUCATIVO MUNICIPAL:**
O Concello como espazo de aprendizaxe permanente, de convivencia e de diálogo.

2

O PUNTO DE PARTIDA

Constitución Española:
O dereito constitucional de participar na programación xeral do ensino. (Art. 27.5)

Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación:
Creación do Consello Escolar do Estado (art. 30) e dos consellos escolares autonómicos (art. 34)

Consello de funcionamento dos consellos escolares municipais
Xosé Anxo Seoane Cao, asesor técnico do Consello Escolar de Galicia

3

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Educación permanente de calidade para todos e entre todos.

CALIDADE-EQUIDADE CONVERXENCIA NA UE

ESFORZO E COMPROMISO

A participación é o pilar básico no que se asenta a mellora da calidade educativa.

Consello de funcionamento dos consellos escolares municipais
Xosé Anxo Seoane Cao, asesor técnico do Consello Escolar de Galicia

4

Participar, tomar parte activa na construción, no desenvolvemento e na avaliación dun Proxecto Educativo Comunitario.

¿por que?

- É un dereito e un deber democrático.
- Por democratizar e contextualizar a política educativa municipal.
- Por favorecermos a a convivencia, a comunicación...
- Por contribuímos á mellora educativa e á aprendizaxe permanente.
- Polo futuro.

Consello de funcionamento dos consellos escolares municipais
Xosé Anxo Seoane Cao, asesor técnico do Consello Escolar de Galicia

5

¿Como pode participar a cidadanía en educación?

Na casa: Interésándose no proceso de aprendizaxe dos fillos.

No centro educativo: Apoiando a tarefa docente.
Asociándose.
A través do Consello Escolar de centro.

No concello: Votando nas eleccións municipais.
A través doutras institucións.
A través do Consello Escolar Municipal.

Na Comunidade Autónoma, no Estado: Votando nas eleccións xerais.
No Consello Escolar de Galicia, do Estado.

Consello de funcionamento dos consellos escolares municipais
Xosé Anxo Seoane Cao, asesor técnico do Consello Escolar de Galicia

6

CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

MARCO LEXISLATIVO BÁSICO:

- A Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.
- O Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e Municipais.
- O Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia.

7

CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

Son os órganos de consulta e **participación** da comunidade escolar na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Deben asegurar a fluidez de **comunicación** cos consellos escolares de centros e acadar un alto nivel de **interlocución** co poder municipal.

8

CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

SERÁN CONSULTADOS:

- Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración pública.
- Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- Situación dos centros docentes dentro da demarcación municipal.
- Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio.
- Na programación de investimentos en materia educativa.
- Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.

9

O CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

ADEMAIS:

Ao finalizar o curso académico, elaborar á un **INFORME** sobre o estado do ensino no municipio.

Elaborar á e presentaralles á Administración educativa ou ao Concello cantos informes e propostas estime necesarias para o mellor funcionamento do ensino.

10

COMPOSICIÓN CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

- 1 alcalde, presidente
- 1/3 Profesorado
- 1/3 pais, nais + alumnado
- 1/3 elixidos pola corporación
- 1 representante Adm. educativa
- 1 secretario (con voz, sen voto)

11

COMPOSICIÓN CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

CONCELLOS

CENTRO ESCOLAR	VARIOS CENTROS ESCOLARES	
	- 25.000 habitantes	+ 25.000 habitantes
1 alcalde, presidente	1 alcalde, presidente	1 alcalde, presidente
3 profesorado	(5+2) 7 profesorado	(6+4) 10 profesorado
2 nais/pais	4 nais/pais	6 nais/pais
1 alumnado	3 alumnado	4 alumnado
3 elixidos pola corporación	7 elixidos pola corporación	10 elixidos pola corporación

A Administración educativa estar á representada polo funcionario que designe para tal efecto.

12

COMPOSICI ÓN CONSELLOS ESCOLARES MUNICIPAIS

MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL ELIXIDOS A TEOR DO DISPOSTO POLA CORPORACI ÓN MUNICIPAL

Directores

Representantes dos sindicatos

Asociacións de empresarios

Asociacións de veciños

Especialistas en temas educativos

Titulares de centros privados e concertados

Movements de renovación pedagóxica

Concello de Funchal - Concello de Funchal Municipal
Xosé Anxo Seoane Cas, asesor | director do Concello Escolar de Galicia

13

PROCEDEMENTO DE ELECCI ÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

ELECCI ÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO

XUNTA ELECTORAL:
Adeixe en membros da Corporaci ón en que delega, a profesora, designada por sorteo, a pai ou nai, designada por sorteo, e alumnado de secundaria, designado por sorteo.

- * SON ELIXIBLES TODOS OS ALUMNOS E ALUMNAS DE SECUNDARIA.
- * POSIBILIDADE DE PRESENTACI ÓN DE CANDIDATURAS.
- * ELIXEN OS REPRESENTANTES DO ALUMNADO NO CONSELLO ESCOLAR DO/S INSTITUTO/S.
- * PUBLICACI ÓN DO CENSO ELECTORAL NO/S INSTITUTO/S E CONCELLO DEZ DÍAS ANTES DA ELECCI ÓN.
- * MESA ELECTORAL: membro da Corporaci ón e alumnos electores.
- * VOTO DIRECTO, SECRETO E NON DELEGABLE.

Concello de Funchal - Concello de Funchal Municipal
Xosé Anxo Seoane Cas, asesor | director do Concello Escolar de Galicia

14

PASOS A DAR PARA A CONSTITUCI ÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

CORPORACI ÓN MUNICIPAL
Acordo de constituí ón.
Determinar a composici ón do corpo que lle corresponde atendendo a artigo 16.1.b). Facilitar ao concelleiro/a de educaci ón para dirixir o proceso de constituí ón do CEM.

CONCELLEIRO/A DE EDUCACI ÓN:
Induzir e coñecer a proposta de representantes. Constituí ón a Xunta Electoral.

CONSELLOS ESCOLARES DE CENTRO	DELEGACI ÓN PROVINCIAL DE EDUCACI ÓN	SINDICATOS DE ENSEÑO E XERAL	MOZA
ASOCIACI ÓN DE VECIÑOS, CULTURAS...	ESPECIALISTAS EN TEMAS EDUCATIVOS	ASOCIACI ÓN DE EMPRESARIOS	ESPORCACI ÓN DE ANPA

CONSTITUCI ÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL:
Constituí ón. Aprobaci ón do Regulamento de Funcionamento.

CORPORACI ÓN MUNICIPAL
Aproba o Regulamento de Funcionamento. Publicaci ón no Boletín Oficial da Provincia. Comunicaci ón á Consellería de Educaci ón e ao Concello Escolar de Galicia.

Concello de Funchal - Concello de Funchal Municipal
Xosé Anxo Seoane Cas, asesor | director do Concello Escolar de Galicia

15

ALGUNHAS SUXESTI ÓNS SOBRE O SEU FUNCIONAMENTO

- * O alcalde debe delegar no concelleiro de educaci ón.
- * A figura do vicepresidente.
- * O Regulamento de R exime Interno.
- * A Comisi ón Permanente.
- * As comisi óns de traballo.
- * A Rede de colaboradores: consellos escolares de centro.
- * A participaci ón cidadá parte de certas condici óns institucionais, pero tam én do compromiso, do debate, da aceptaci ón da diversidade, do respecto...
- * O concello como espazo de aprendizaxe permanente, de convivencia e de diálogo.

Concello de Funchal - Concello de Funchal Municipal
Xosé Anxo Seoane Cas, asesor | director do Concello Escolar de Galicia

16

PROXECTO EDUCATIVO DE CONCELLO

O CONCELLO COMO ESPAZO DE APRENDIZAXE PERMANENTE, DE CONVIVENCIA E DE DI ÁLOGO.

PRIORIDADES

ACTUACI ÓNS

RECURSOS

Concello de Funchal - Concello de Funchal Municipal
Xosé Anxo Seoane Cas, asesor | director do Concello Escolar de Galicia

17

PROXECTO EDUCATIVO DE CONCELLO: O CONCELLO COMO ESPAZO DE APRENDIZAXE PERMANENTE, DE CONVIVENCIA E DE DI ÁLOGO.

PRIORIDADES

civismo

interculturalidade

éxito escolar

traballo

Concello de Funchal - Concello de Funchal Municipal
Xosé Anxo Seoane Cas, asesor | director do Concello Escolar de Galicia

18

PROXECTO EDUCATIVO DE CONCELLO:
O CONCELLO COMO ESPAZO DE APRENDIZAXE PERMANENTE, DE CONVIVENCIA E DE DIÁLOGO.

RECURSOS

Investir máis optimizar os recursos existentes investir ben

- Implicación de toda a corporación municipal.
- Capacidade de xestión.
- Defensa do interese público.
- Participación desinteresada?

19

PROXECTO EDUCATIVO DE CONCELLO:
O CONCELLO COMO ESPAZO DE APRENDIZAXE PERMANENTE, DE CONVIVENCIA E DE DIÁLOGO.

RECURSOS

Investir máis optimizar os recursos existentes investir ben

- Implicación de toda a corporación municipal.
- Capacidade de xestión.
- Defensa do interese público.
- Participación desinteresada?

20

PLAN MUNICIPAL DE MELLORA DA CONVIVENCIA

SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN	ASOCIACIÓNS	CENTROS EDUCATIVOS
CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL	ALUMNADO	CONSELLO ESCOLAR DE CENTRO
SERVIZOS SOCIAIS	FAMILIAS	OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR
POLICIA LOCAL	PROFESORADO	EQUIPO ESPECIFICO ORIENTACION
	CIDADÁNS	
	TEMPO LIBRE	

21

O Consello Escolar Municipal lexítima a través da participación dos cidadáns o liderado social da Administración local para elaborar un Proxecto Comunitario que promova a mellora da calidade de vida e o progreso da comunidade, o que soamente se pode acadar na actual sociedade do coñecemento a partir da educación ao longo de toda a vida.

Consello Escolar de Galicia
Rúa San Roque, n.úm. 2.
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981 581 466
Fax 981 581 598
conselloescolar@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es
"Consellería"
"Órganos colexiados"
"Consello Escolar de Galicia"

22



5.5. Xunta de participación:

Consello Escolar do Estado.

O Consello Escolar do Estado creouse en 1985 como órgano de participación social na programación xeral da ensinanza e de asesoramento ao Goberno en relación cos proxectos de normas educativas. O Real decreto 694/2007, do 1 de xuño, polo que se regula o Consello Escolar do Estado, incorpora os presidentes dos consellos escolares autonómicos. Na Orde ESD/3669/2008, de 9 de decembro, pola que se aproba o Regulamento de funcionamento do Consello Escolar do Estado destácase a creación dun novo órgano denominado Xunta de Participación dos Presidentes de Consellos Escolares Autonómicos, co que se persegue favorecer a presenza efectiva dos ditos consellos escolares autonómicos no funcionamento do Consello Escolar do Estado.

Queremos destacar nesta Memoria de actividades dous acordos importantes que a Xunta de Participación Autonómica tomou neste curso 2008/09.

1. Acordo sobre Formación do Profesorado:

Existe un acordo xeneralizado sobre a importancia e o protagonismo que lle corresponde ao profesorado no proceso educativo. O profesorado é o pilar para acadar unha educación de calidade e a súa formación debe corresponder ás demandas e necesidades sociais, polo que o perfil do mestre debe ser o dunha persoa culta, que combine saberes específicos pedagóxicos e didácticos, desempeñados con capacidade afectiva, que sexa quen de empregar recursos para transformar eses saberes en elementos de aprendizaxe significativas para que o alumnado adquira as competencias necesarias para se desenvolver plenamente, que teña conciencia social para educar en valores democráticos a cidadáns críticos e que saiba incorporar o contorno como parte activa do territorio educativo.

No momento presente existe unha oportunidade de cambiar un modelo formativo pouco satisfactorio grazas á confluencia do desenvolvemento normativo da Lei Orgánica de Educación (LOE) coa creación do Espazo Europeo de Educación Superior e que require a posta en práctica de iniciativas normativas que han permitir que no curso 2009/2010 empecen a se impartiren os novos títulos de grao e que os primeiros graduados universitarios saian das facultades no 2013.

A implantación dun título de mestre de carácter universitario cunha formación de 4 anos supón un avance incontestable da nova Educación Superior, co que se cumpre unha vella aspiración do Maxisterio. Tamén é esperanzador, necesario e moi positivo o cambio proposto na formación do profesorado de educación secundaria a través da realización dun máster oficial que proporcione a formación pedagóxica e didáctica cubrindo unha demanda social e profesional de actualizar e mellorar a formación pedagóxica do profesorado de secundaria proporcionada polo Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP).

É urxente que se actúe con celeridade, rigor e acerto na posta en marcha deste novo modelo de formación do profesorado que cobra especial relevancia nun momento no que as previsións demográficas e as xubilacións do profesorado en exercicio indican que se necesitarán algo máis de 200.000 profesores ata o curso 2015. Por iso, os consellos escolares das comunidades autónomas e do estado instan ás administracións educativas:

1. A que as administracións estatal e autonómicas, sen detrimento da autonomía universitaria, poñan en marcha con rigor e seriedade o novo modelo de formación do profesorado que debe incluír diversos ámbitos: formación para o axeitado exercicio da función titorial cun particular coidado

no desenvolvemento da capacidade emocional-afectiva, nos aspectos científico-didácticos, no coñecemento e a utilización didáctica das actuais tecnoloxías e en todo o relativo ao funcionamento dos centros escolares (aspectos pedagóxicos, organizativos e de funcionamento e xestión).

2. A que se implante no curso 2009/2010 en todas as universidades o "máster" para o profesorado de ensinanza secundaria con especial atención á didáctica das diferentes materias.
3. A integrar nos equipos docentes universitarios, encargados de impartir o "máster", a profesores de ensinanza secundaria como asociados.
4. Á planificación e desenvolvemento do "prácticum" nunha rede de centros colaboradores con profesores titores, seleccionados con criterios de calidade e innovación.
5. Á ampliación e apoio aos programas que as administracións educativas subscriben coas universidades en materia de formación permanente do profesorado.
6. A incorporar, de maneira transversal, a accesibilidade universal e igualdade de oportunidades nos plans de estudo da formación do mestre e no "máster" oficial para o profesorado de educación secundaria.
7. A que, como en calquera proceso de cambio profundo, se coide especialmente a cobertura orzamentaria de todo o proceso e o respecto dos dereitos das persoas afectadas

2. Acordo sobre abandono escolar temperán:

- Apoio ao Plan para reducir o abandono escolar temperán.

O abandono escolar temperán reviste no noso sistema educativo unhas características que o

sitúan entre os eixos de actuación prioritaria para todas as administracións públicas implicadas na súa mellora, así como para o resto de membros da comunidade educativa. A sociedade dos nosos días está determinada polo coñecemento do que gozan os seus integrantes, polo que o abandono escolar temperán xoga decididamente en contra do desenvolvemento integral das persoas e do avance da sociedade no seu conxunto.

Os datos relacionados con este abandono temperán sitúannos por enriba da media dos países do noso contorno. Esta circunstancia e a preocupación que ela suscita fixéronse constar de xeito reiterado nos últimos informes sobre o sistema educativo, aprobados polo Consello Escolar do Estado.

Tendo en consideración o anterior, o Consello Escolar do Estado valora o que ten de positivo o Plan aprobado pola Conferencia Sectorial de Educación do pasado 20 de novembro, encamiñado a reducir o abandono escolar á metade no horizonte fixado para o 2012.

De igual xeito, o Consello realiza un chamamento aos integrantes da comunidade educativa, en particular ao profesorado, pais e nais de alumnos e ao propio alumnado, co fin de que apoiem decididamente as medidas previstas no Plan e xunten esforzos para conseguirmos reducir de maneira significativa os índices de abandono escolar temperán.

O conxunto de medidas contempladas no Plan de Redución do Abandono Escolar e a súa eficaz posta en práctica constituirá de seguro unha base para superar nos vindeiros cursos a insatisfactoria situación actual. Para garantirmos a súa eficacia, sería conveniente que se establezan prioridades e se salienten aquelas medidas que se consideren prioritarias e sobre as cales se vaia establecer un seguimento e unha avaliación.

- **Potenciación de actuacións para a posta en práctica do Plan:**

Dende o Consello Escolar do Estado anímase a todas as administracións públicas con competencias na materia a que potencien as súas actuacións co obxectivo de reducir de forma drástica uns niveis de abandono escolar prematuro que resulten excesivamente elevados no presente, sen esquecer o alumnado con necesidades educativas especiais ao que se lle debe asegurar a igualdade de oportunidades para a súa permanencia no sistema.

A este respecto, constitúe unha necesidade ineludible para o éxito do Plan de Redución do Abandono Escolar que a Mesa Permanente, creada para a súa aplicación e inserida no seo da Conferencia Sectorial de Educación, coordine convenientemente as súas medidas e potencie a colaboración entre as consellerías de educación e o Ministerio.

- **Información á comunidade educativa:**

O Consello Escolar do Estado, máximo órgano de participación dos sectores máis directamente

relacionados co ámbito educativo, non quere nin pode quedar á marxe dun dos problemas máis preocupantes da nosa actual realidade educativa.

Resulta razoable considerar que os obxectivos educativos perseguidos cos acordos acadados na Conferencia Sectorial de Educación e plasmados no Plan de actuación antes citado son compartidos pola gran maioría dos integrantes da comunidade educativa. Así mesmo, a consecución de tales obxectivos require, sen dúbida, do apoio decidido e entusiasta de todos os axentes implicados no mundo da educación.

Por iso, o Consello formúlalle á Conferencia Sectorial de Educación, e en particular á Mesa Permanente creada para a aplicación do Plan, o establecemento dunha canle preferente de información a través da cal se lles transmitan aos integrantes da comunidade educativa aqueles extremos relacionados co desenvolvemento do Plan ao longo de todo o Estado e a consecución dos obxectivos temporais parciais e globais durante o período de duración deste.



Fotografía 11:
Presidentes de Consellos
Escolares Autonómicos e
do Estado.

Este Consello Escolar do Estado desexa e confía en que a aplicación decidida e flexible das medidas previstas no Plan de actuación, e outras que se poidan introducir en liña coas propostas de mellora do sistema educativo que elaborou este Consello, conseguirá reducir as actuais taxas de abandono escolar prematuro e as súas negativas consecuencias para os afectados e para o conxunto da sociedade.

06

Fotografía:
Martíño Picallo



Participación en actos, congresos, reunións...

O Consello Escolar de Galicia, como máximo órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia educativa, participou activamente ao longo deste período en numerosas reunións, cursos, xornadas, congresos e diversos actos educativos. Pola importancia e a relevancia que teñen os encontros anuais entre os Consellos Escolares Autonómicos e do Estado e especialmente os décimo oitavos, dedicámoslles un epígrafe específico. A seguir relacionamos aquelas máis significativas.

1. Acto de presentación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2007/08. A Coruña, setembro de 2008.
2. Acto de Inauguración do curso escolar 2008/09 de secundaria e bacharelato. Noia, setembro de 2008.
3. Reunión de asesoramento de consellos escolares municipais. Tomiño, outubro de 2008.
4. Reunión preparatoria dos XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. Madrid, outubro de 2008.
5. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Sada, 15 de outubro de 2008.
6. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2008.
7. Xornada "A participación cidadá na educación: os consellos escolares municipais". Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2008.
8. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Viveiro, 5 de novembro de 2008.
9. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. O Barco de Valdeorras, 5 de novembro de 2008.
10. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Lugo, 6 de novembro de 2008.
11. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. A Estrada, 6 de novembro de 2008.
12. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Carballo, 10 de novembro de 2008.
13. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Monforte de Lemos, 10 de novembro de 2008.

14. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Ourense, 12 de novembro de 2008.
15. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Noia, 12 de novembro de 2008.
16. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Pontevedra, 13 de novembro de 2008.
17. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Vilalba, 13 de novembro de 2008.
18. Xornada " A lectura, prioridade educativa: ler e escribir na era dixital". Madrid, 18 de novembro de 2008.
19. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Vilagarcía de Arousa, 19 de novembro de 2008.
20. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. Ferrol, 19 de novembro de 2008.
21. Xornada de dinamización da participación da comunidade educativa nas eleccións de representantes nos consellos escolares. A Coruña, 20 de novembro de 2008.
22. Entrega dos premios correspondentes ao IX Concurso Hispanoamericano de Ortografía; premios extraordinarios de Bacharelato (curso 2007/08) e de Formación Profesional de grao superior (curso 2006/07). Santiago de Compostela, decembro de 2008.
23. Acto Conmemorativo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Santiago de Compostela, decembro de 2008.
24. Reunión asesoramento consellos escolares municipais. Cambre, decembro de 2009.
25. Entrega de premios Portapaz Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela, xaneiro de 2009.
26. Congreso Internacional Lugares de Cultura. Santiago de Compostela, xaneiro de 2009.
27. Reunión asesoramento consellos escolares municipais. Santiago de Compostela, xaneiro de 2009.
28. Entrega de premios do Concurso Nacional de Boas Prácticas de Convivencia. Ferrol, xaneiro de 2009.
29. Fórum Orienta 09. A Coruña, febreiro de 2009.
30. Reunión preparatoria dos XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. Oviedo, febreiro de 2009.
31. A formación permanente. Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. Oviedo, febreiro de 2009.
32. Reunión asesoramento consellos escolares municipais. Burela, febreiro de 2009.
33. Reunión asesoramento consellos escolares municipais. Santiago de Compostela, marzo de 2009.
34. Reunión preparatoria dos XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. Granada, abril de 2009.

35. Reunión asesoramento consellos escolares municipais. Santiago de Compostela, abril de 2009.
36. Campaña “Abre un libro, abre o mundo”, dentro da Semana Mundial pola Educación. Santiago de Compostela, abril de 2009.
37. XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. Cáceres, 11/14 de maio de 2009.
38. Reunión asesoramento consellos escolares municipais. Santiago de Compostela, maio de 2009.
39. Reunión preparatoria dos XX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado: “A Autonomía dos centros educativos”. Madrid, xullo de 2009.

6.1. XIX Encontros de Consellos Escolares

Autonómicos e do Estado:

A educación ao longo da vida.

Durante os días 12, 13 e 14 de maio, desenvolvéronse no complexo cultural San Francisco de Cáceres, os XIX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado co lema “A educación ao longo da vida”.

Estes encontros contaron coa participación de 170 representantes dos consellos escolares das distintas comunidades autónomas e do Consello Escolar do Estado.

En realidade, estas xornadas puxeron o punto e final a unha serie de reunións preparatorias que se foron desenvolvendo en distintas localidades e datas ao longo do curso escolar 2008/09.

Elaboráronse tres documentos base:

1. A aprendizaxe ao longo da vida. Educación e formación das persoas adultas..
2. A aprendizaxe permanente nas distintas comunidades autónomas.
3. Propostas de futuro.

Ademais, expuxéronse experiencias de centros a cargo dos consellos escolares de Extremadura, Canarias, Galicia e Euskadi.

O documento 1 consiste no marco teórico da educación continua das persoas adultas. Consta de tres grandes capítulos: I. O contexto da educación continua das persoas adultas. II. Fundamentos e características da educación continua das persoas adultas. III. As tecnoloxías da información e a comunicación e a aprendizaxe ao longo da vida.

O documento 2 é un repaso á situación actual da educación continua nas 17 comunidades autónomas. O capítulo que se corresponde a Galicia foi elaborado polo Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

O documento 3: *Propostas de futuro*, é quizais o máis salientable xa que resume o tema en base ás conclusións e ás propostas de futuro consensuadas entre todos os participantes, representantes de todos os sectores das comunidades educativas de todas as comunidades autónomas e do estado. Dada esta transcendencia, reproducímo-lo na súa totalidade.



A EDUCACIÓN AO LONGO DA VIDA: PROPOSTAS DE FUTURO

INTRODUCCIÓN

A aprendizaxe ao longo da vida inclúe todas aquelas accións educativas que favorecen e potencian o desenvolvemento persoal, social e profesional das persoas. A prolongación da esperanza de vida, o aumento do tempo dispoñible e das posibilidades de ocio, a accesibilidade á información e a comunicación favorece unha implicación de organismos, entidades e axentes sociais para impulsar e apoiar as decisións que as persoas realicen en torno aos seus proxectos sobre a aprendizaxe.

Tendo en conta de que as “Conclusións sobre a Aprendizaxe de Adultos” do Consello da Unión Europea retoman e actualizan todas as iniciativas que vén desenvolvendo a Comisión, con respecto á educación e a formación ao longo da vida para as persoas adultas, parece necesario tomar en consideración o dito marco de referencia, e as súas “medidas específicas”, na definición das actuacións que se contemplan.

Por todo iso, as propostas e recomendacións que seguen diríxense tanto ao conxunto das administracións responsables (educativas e laborais), como ao resto das institucións e organizacións que, segundo se sinalou, teñen un papel relevante na educación continua. Neste senso, lanzamos propostas para o desenvolvemento de iniciativas que melloren as posibilidades de educación e formación ao longo da vida das persoas adultas mediante a definición de sete obxectivos clave:

1. Garantir dende a Administración un acceso á aprendizaxe permanente e a adquisición de competencias e cualificacións básicas para todos.
2. Impulsar o compromiso de todas as adminis-

tracións públicas e das organizacións e axentes sociais mediante o fomento de programas e accións de educación, formación e emprego ao longo da vida que favorezan unha maior cohesión e benestar social.

3. Renovar a educación continua mediante o desenvolvemento de métodos e contextos de ensinanza-aprendizaxe.
4. Revalorizar a formación e a aprendizaxe permanente como recursos estratéxicos para o desenvolvemento persoal e social.
5. Facilitar o acceso á información e á orientación sobre as ofertas de aprendizaxe permanente e as posibilidades de acceso a elas.
6. Garantir o acceso universal e permanente á aprendizaxe establecendo mecanismos para asegurar a calidade e a eficacia.
7. Incluír a educación emocional na aprendizaxe ao longo da vida para unha mellor participación permanente na sociedade.

PROPOSTAS PARA A ACCIÓN

Cada un dos obxectivos estará en relación co desenvolvemento dunha serie de medidas e actuacións:

1. A adquisición de competencias e cualificacións básicas para todos se poderán garantir mediante:
 - 1.1. Actuacións dirixidas a incrementar a flexibilidade das ensinanzas e a súa orientación á demanda.
- Integración progresiva dos contextos de aprendizaxe formal para facelos máis abertos e flexibles, posibilitando currículos de aprendizaxes individuais.

- Dotar dunha maior flexibilidade á organización das ensinanzas en canto á súa estrutura temporal mediante a aplicación dun enfoque modular dos correspondentes currículos, de maneira que atenda á dispoñibilidade descontinua e irregular de tempo que adoitan ter os adultos.
 - Desenvolver mecanismos eficaces de relación entre as empresas e as estruturas da formación profesional regrada e non regrada, de maneira que poidan atenderse axilmente as novas necesidades de cualificacións profesionais.
 - Desenvolver estruturas de actualización permanente dos coñecementos e competencias profesionais de maneira que esta sexa accesible, eficaz e de calidade.
 - Desenvolver unha ampla plataforma virtual na Rede na que e instalaría o meirande número posible de actuacións formativas para facilitar o acceso dos adultos á formación continua en liña.
- 1.2. Actuacións dirixidas a mellorar a educación de persoas adultas na súa concepción de ensinanzas destinadas a adquirir, completar ou ampliar a formación básica das persoas.
- No deseño e desenvolvemento da educación formal de persoas adultas cómpre priorizar as seguintes áreas:
 - » Adquisición de competencias lingüísticas a nivel medio en idioma inglés e, se é o caso, noutras linguas estranxeiras.
 - » Aprendizaxe do idioma español e doutras linguas cooficiais falado e escrito para inmigrantes.
 - » Adquisición de competencias tecnolóxicas básicas (TIC): tratamento de textos, folla de cálculo, base de datos, internet como fonte de información básica e de comunicación, Web 2.0.
 - » Favorecer a formación básica mediante as ensinanzas de nova oportunidade:
 - Adquisición das titulacións básica e postobrigatoria (Graduado en ESO e título de Bacharel).
 - Preparación para a acreditación de competencias profesionais e para obter as titulacións correspondentes.
 - Preparación para o acceso a etapas educativas regradas postobrigatorias e superiores.
 - Ensinanzas para favorecer a inserción laboral rápida.
 - Formación para nais e pais: protocolo de educación familiar.
 - Atención educativa intercultural e adaptada para adultos con graves eivas formativas por causas socioculturais, socioeconómicas diversas (inmigrantes, marxidados ou en risco de marxinação, etc.).
 - Desenvolvemento de competencias emocionais e sociais para xoves adultos con dificultades de integración social ou risco de marxinação.
2. As medidas para impulsar o compromiso de todas as administracións públicas e das organizacións e axentes sociais mediante o fomento de programas e accións de educación, formación e emprego ao longo da vida que favorezan unha maior cohesión e benestar social poderían ser:
- a. Estratexias coherentes e globais:
- Realizar un diagnóstico a nivel estatal e autonómico sobre as necesidades de formación dos cidadáns adaptadas ao seu contorno, que permita



establecer plans de acción para a aprendizaxe permanente.

- Desenvolvemento de políticas de educación e formación de persoas adultas que abrangan as actuacións das administracións educativas, coas que realizan outras administracións e a sociedade civil, en xeral, (empresas, ONG, sindicatos, colexios profesionais, medios de comunicación, entidades financeiras, centros educativos privados, plataformas telemáticas, universidades, etc.) sobre a base de modelos de cooperación e coordinación tanto da oferta de educación formal, como de educación informal e non-formal.
- b. Actuacións orientadas a crear culturas de aprendizaxe e aproveitamento das oportunidades educativas:
- Desenvolvemento do espírito emprendedor como unha competencia necesaria en todos os ámbitos da vida persoal e profesional, mediante a inclusión de novos contidos e metodoloxías cooperativas nos plans de estudos.
 - Acceso xeneralizado aos sistemas de educación e formación, o que supón construír un contorno de aprendizaxe aberto e flexible mediante un sistema de aprendizaxe permanente sólido e eficiente que responda ás necesidades e demandas da sociedade e permita mellorar as competencias e cualificacións implementando plans e programas integrais que tomen en consideración a aprendizaxe non-formal e informal, adaptando os requisitos de ingreso, progreso e recoñecemento dentro do sector de formación formal para a reincorporación ao sistema educativo dos adultos que non completaron estudos obrigatorios.
 - Achegar a aprendizaxe ao alumnado en momentos e lugares compatibles cos seus outros compro-

misos, eliminando barreiras sociais, xeográficas, psicolóxicas e de calquera outro tipo, empregando para iso as TIC.

3. Para renovar a educación continua é importante actualizar os métodos e contextualizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe mediante accións como:
 - 3.1. Actuacións orientadas a facilitar a educación formal, non-formal e informal ao longo da vida.
 - Establecer unha oferta formativa ampla e diversa que integre e articule definitivamente os seus elementos regrados e non regrados para superar a fragmentación tradicional entre actividades.
 - Ampliación da oferta educativa de concellos, universidades populares, centros de maiores e asociacións cidadás sen ánimo de lucro, con obxecto de que cada persoa poida establecer e desenvolver a “folla de ruta” da súa autoaprendizaxe.
 - No deseño de plans de acción da educación continua deberían incluírse os programas de educación emocional e garantir que se apliquen nos distintos escenarios educativos, tanto formais como non formais.
 - 3.2. Actuacións para impulsar o desenvolvemento da oferta, o emprego das TIC.
 - Facilitar o desenvolvemento de prácticas innovadoras e a súa transferencia entre comunidades autónomas. Cómpre potenciar a innovación metodolóxica e a formación de profesionais, tendo en conta que a universalidade e continuidade da aprendizaxe soamente estará garantida de se producir en condicións de calidade.
 - Favorecer a autonomía dos centros para potenciar a súa vinculación ao territorio partindo de axeitar os perfís dos profesionais, a súa organización, os

horarios, calendarios, proxectos e modalidades formativas.

- A práctica docente dos profesionais da educación continua debería orientarse en torno a distintas estratexias e recursos metodolóxicos como:
 - » A ensinanza baseada na experiencia.
 - » A diversidade.
 - » A participación.
 - » O sistema modular.
 - » Os itinerarios formativos.

- A especificidade que demanda este tipo de oferta deberá comportar necesariamente unha especialización docente e é esencial introducir nos plans formativos do profesorado o uso das tecnoloxías da información e comunicación aplicadas ao ámbito educativo.

4. Para axudar a revalorizar a formación e a aprendizaxe permanente como recursos estratéxicos para o desenvolvemento persoal e social cómpre que:

As actuacións dirixidas a facilitar o progreso persoal e profesional mediante o recoñecemento formal dos coñecementos e as competencias adquiridas poderían ser:

- Implantación urxente e efectiva do Sistema de Recoñecemento de Competencias adquiridas por vías non formais ou informais.
- Establecer sistemas de validación e recoñecemento da educación ou aprendizaxes previas.
- Promover co Consello de Universidades un acordo estatal de validacións correspondentes aos diversos títulos de Grao Superior de Formación Profesional de maneira que se consoliden pasarelas coa universidade que teñan validez homolo-

gada en todas as universidades españolas. Ata o de agora cada administración autonómica pacta coas universidades do seu territorio este réxime de pasarelas.

5. Para facilitar o acceso á información e á orientación sobre as ofertas de aprendizaxe permanente e as posibilidades de acceso a elas propónse:

- 5.1. Actuacións dirixidas a mellorar o sistema de información e orientación.

- Impulsar sistemas integrados de información, orientación e asesoramento, aos que se poida acceder tamén por vía informática, co fin de axudar a que cada persoa poida elaborar o seu itinerario formativo, en conexión cuns sistemas educativos cada vez máis complexos.
- Elaboración e mantemento dunha base de coñecemento e información que conteña algunha forma de rexistro estatal de centros e entidades que desenvolven educación e formación continuas de adultos e das actividades formativas correspondentes, especialmente as adaptadas ás demandas do mercado laboral. Esta base utilizaría o Sistema Integrado de Información e Orientación Profesional. A súa elaboración sería responsabilidade dunha estrutura específica e permanente adscrita ao ministerio responsable da educación e a formación.
- Produción dun software de orientación educativa e profesional que tomaría como base o Rexistro de Centros e Actividades Educativas para Adultos. A dita ferramenta, pola súa concepción, debería ser susceptible de ser utilizada en rede intensamente polos usuarios adultos e polas axencias responsables da súa orientación educativa e profesional.
- Habilitación das oficinas de información ao cidadán das administracións autonómicas e locais, así



como das empresas e centros de traballo e ocio, as organizacións empresariais e sindicais, ONG, axencias de emprego, etc. para facilitar información e guía de carácter formativo e profesional ás persoas adultas, tomando como base o software de orientación antes referido.

- Unha maior relación das oficinas de emprego cos centros educativos de carácter bidireccional, isto é, informando ao alumnado sobre a formación ocupacional e fomentando dende as oficinas de emprego o regreso á formación académica regrada.

5.2. Actuacións para a difusión e divulgación social da cultura da aprendizaxe.

- Desenvolvemento de campañas de publicidade para animar a poboación adulta (activa ou non) para acreditar e validar competencias e para completar ou ampliar a súa formación, dando a coñecer os puntos de información dispoñibles ao respecto.
- Cómpre crear marcos para a difusión de boas prácticas promovendo ao mesmo tempo o seu coñecemento e aplicación.
- Promover a colaboración dos medios de comunicación no logro dos obxectivos da educación formal de adultos reforzando a súa misión de servizos públicos de educación e difusión cultural.

6. Co obxectivo de garantir o acceso universal e permanente á aprendizaxe é imprescindible establecer mecanismos para asegurar a calidade e a eficacia:

6.1. Actuacións orientadas á busca da excelencia e o benestar social:

- Coordinación de todos os axentes sociais e organizacións coas administracións para garantir a calidade da oferta e a eficiencia dos recursos.
- Seguimento e revisión periódica das estratexias de formación das persoas adultas co fin de manter a súa pertinencia, eficacia e complementariedade con respecto a outras estratexias para o desenvolvemento persoal, social e económico.
- Avaliación do impacto das políticas de educación e formación das persoas adultas.

6.2. Actuacións dirixidas a mellorar os mecanismos de financiamento da formación ao longo da vida:

- Promover unha aproximación de todos os sectores implicados -administracións, axentes sociais e outros compoñentes da sociedade civil- co fin de concibir un sistema de financiamento xusto, efectivo e sostible.
- Ensañar novos procedementos de financiamento acordados co enfoque da formación ao longo da vida.

7. A inclusión da educación emocional na aprendizaxe ao longo da vida poderá facilitarse mediante:

- A integración da educación emocional nos currículos como factor esencial no proceso de aprendizaxe e de formación da persoa.
- A promoción de procesos de aprendizaxe que vinculen pensamento, emoción e acción para impulsar a madurez persoal e a relación positiva cos outros e coa realidade.
- O fomento no ámbito académico, profesional e social a atención e o interese por coñecer e educar as nosas emocións e sentimentos con intelixencia, como forma de conquistar o benestar persoal e social.

O Consello Escolar de Galicia contribuíu ademais coa presentación de dúas experiencias:

- **Programas de iniciación profesional (PIP): Formación, emprego e realidade. (Ferrolterra)**

Esta experiencia é produto da colaboración entre as entidades que organizaron e desenvolveron ao longo dos últimos sete cursos (dende o 2001/02) os Programas de Iniciación Profesional (PIP), é dicir, os centros educativos públicos: EPA Ferrol, IES Canido, IES Catabois e IES Ferrol Vello e o Concello de Ferrol, participando todas as entidades dun proxecto único e común.

Os Programas de Iniciación Profesional son programas nos que a finalidade inmediata é garantir unha formación básica e profesional que procure mellorar o desenvolvemento integral dos participantes, alumnado, familias, mestres/as, técnicos/as, empresarios/as, é dicir, a sociedade en xeral.

Abranguen aspectos formativos de carácter ocupacional para que o alumnado viva a experiencia

formativa como unha situación de capacitación diferente do seu contexto de escolaridade habitual.

Isto fai que se transcenda o ámbito educativo e que se abran estes programas á participación doutras administracións e institucións públicas ou persoais.

Durante os sete cursos nos que se veñen desenvolvendo estes programas, e tomando como base datos do Observatorio Ocupacional, optouse por elixir perfís profesionais acordes coa demanda do mercado laboral de Ferrolterra, tales como:

- Axudante de pastelería-repostaría
- Dependente/a de comercio
- Operario/a de carnicería-chacinería
- Axudante de servizos de restaurante e bar
- Operario/a de mantemento básico de edificios
- Operario/a de fontanería
- Operario/a de soldadura
- Operario/a de chapa e pintura de coches



Fotografía 12:
Relatores da experiencia de educación de adultos en Ferrolterra.

Por motivos organizativos, cada perfil situouse nun centro educativo aínda que, como xa se dixo, trátase dunha proposta conxunta, polo que todo o proceso é seguido de preto polos catro coordinadores a través dun contacto continuo e reunións periódicas.

Ante a carencia de regulación administrativa que se detecta en todo o que atinxe a programas de garantía social vémonos na necesidade de elaborar unha serie de materiais para levar a cabo os programas da maneira que nós pretendíamos.

- **Educación de adultos no IES Campo de San Alberte, Noia.**

No curso 2000/2001 o antigo Centro EPA de Noia e todas as súas ensinanzas (alfabetización, graduado escolar e dous programas de garantía social) integráronse no IES Campo de San Alberte. Nese ano, non houbo alumnado matriculado no nivel II. Actualmente, no Centro están funcionando un grupo de nivel I, dous grupos de nivel II e os 4 módulos correspondentes ás ensinanzas ESA.

A experiencia xorde despois de iniciar unha campaña para a captación de alumnado no curso 2004/2005. A raíz disto, podemos dicir que ata o momento houbo catro fases:

- 1ª) A creación do grupo de traballo para a "Elaboración de materiais didácticos para o Nivel II de EA".
- 2ª) A constitución do seminario permanente: "Elaboración de materiais interdisciplinares para o nivel II de EPA".
- 3ª) A participación no primeiro Proxecto Europeo Grundtvig "Building Bridges. Internet based information exchange platforms as an alternative tool to learn together across Europe".

4ª) A participación, esta vez como centro coordinador, nun Segundo Proxecto Europeo Grundtvig: "OK, Keep learning" ("Ways of Attracting adults to keep learning").

Os nosos primeiros pasos na elaboración dos materiais didácticos démoslos en dúas direccións:

- » En primeiro lugar integrando o uso diario da prensa como recurso para implementar os contidos do currículo (conceptuais, procedimentais e actitudinais).
- » Paralelamente, introducindo no que facer cotián o uso das novas tecnoloxías focalizado en Internet como recurso complementario para conseguir información e realizar traballos cooperativos.

Desta maneira achegamos o noso alumnado ao seu contorno real, á sociedade do século XXI: Desde os tres ámbitos do coñecemento nos que están divididas estas ensinanzas (Comunicación, Tecnolóxico-Matemático e Socio-Natural) proporcionámoslles unha visión multidisciplinar de todos aqueles acontecementos que recollían nas súas páxinas os medios de comunicación, en cada unha das súas seccións (internacional, nacional, local...) e proporcionámoslles unha ferramenta fundamental para a autoaprendizaxe, o uso de Internet.

Esa sería a semente dun Seminario Permanente de traballo: "Elaboración de materiais interdisciplinares para o nivel II de EPA" (2006/2007) e dunha experiencia máis ambiciosa que nos levaría a participar en dous proxectos europeos Grundtvig.

A cuarta fase, estase desenvolvendo no noso segundo proxecto Grundtvig "Ways of attracting adults to keep learning"(2208/2010) no que somos o centro coordinador de sete grupos moi diversos de: Unha ONG de Varna (Bulgaria), un centro de secundaria con educación de adultos en Tallinn (Estonia), un

centro de secundaria de “segunda oportunidade” en Volos (Grecia), un instituto politécnico en Nápoles (Italia), un centro de adultos que traballa en colaboración con asociacións de xubilados en Druskininkai (Lituania) e a Universidade de Ostrava na República Checa. Neste proxecto a práctica totalidade das competencias básicas tiveron e teñen un papel preponderante:

1. Comunicación en lingua materna.
2. Comunicación en lingua estranxeira. No curso 2005/2006 empezamos a incluír o idioma inglés dentro do ámbito de Comunicación.
3. Competencia matemática e estratexias básicas en ciencia e tecnoloxía.

4. Competencia dixital non soamente no uso de Internet para obter información senón a aprendizaxe de diversos programas informáticos (Word, Photoshop, Gimp...) e no uso de cámaras fotográficas dixitais.
5. Aprender a aprender (“learning by doing”).
6. Estratexias de comunicación interpersonal tanto de forma presencial e nas súas linguas habituais como a través de correos electrónicos con persoas que participan nos diversos proxectos europeos.
7. Diálogo intercultural e competencias sociais e cívicas.



Fotografía 13:
Xesús Montero, relator da experiencia do IES Campo de San Alberte.



Fotografía 14:
Representantes do Consello Escolar de Galicia nos XIX Encontros.

07

Fotografía:
Martíño Picallo



Resumo económico

Gastos facturados pola Oficina Técnica	Importe ano 2008
Mantemento xeral	2.813,41
Vixilancia e seguridade	17.916,59
Material reposición	0,00
Electricidade	1.754,07
Gasóleo	1.241,48
Limpeza	8.501,67
Auga	219,23
Suma Parcial	32.446,45

Reunións Comisións	Importe ano 2008
Comisións permanentes e outras Comisións	6.588,86
Plenos	8.146,57
Suma Parcial	14.735,43

Informes e Estudos	Importe ano 2008
Convenio co ICE - Universidade de Santiago de Compostela	40.117,56
Publicación de Informe	0,00
Publicación Boletín Participando e Memoria actividades	4.433,94
Suma Parcial	44.551,50

Gastos Xornadas Consellos Escolares	Importe ano 2008
Xornadas Anuais de Consellos Escolares de C.A. - Estado	5.286,52
Xornadas organizadas polo Consello	11.694,51
Xornadas doutros Consellos, institucións, etc.	1.682,19
Suma Parcial	18.663,22

Retribución dietas	Importe ano 2008
Dietas	8.153,74
Suma Parcial	8.153,74

Outros gastos	Importe ano 2008
Fotocopiadora e Fax	5.574,29
Colocación mesas para reunións plenos	348,00
Augas e café-descanso	279,78
Material de oficina	1.436,94
Subscripción revistas	0,00
Correos	2.048,06
Teléfono	1.354,66
Corrección lingüística libros	0,00
Outros	405,57
Suma Parcial	11.447,30

Suma total	129.997,64
-------------------------	-------------------



